



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 2 DE ABRIL DE 2018.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as vinte horas e trinta e tres minutos do día dous de abril de dous mil dezaioito, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Dª MARIA GUADALUPE POMBO CARRIL
Dª MARIA DEL CARMEN VARELA CORBELLE
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
Dª MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
Dª MARTA MARIA FIGUEROA FUENTES
D. MIGUEL SUAREZ GARCIA
Dª MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR

D. ANTONIO CAÑAS VARELA
Dª LUCIA ISABEL FARIÑAS SEOANE
Dª MARIA OFELIA RAMOS LUNA
D. JAIME MOSCOSO MUIÑOS

C.I.F. P-1503100-H

Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE CULLEREDO

Dª MARIA ALICIA FERREIRO VARELA
D. CARMELO CORTES SANCHEZ
Dª. NURIA CARBALLEDA FEIJOO

Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO

D. JOSE JUAN SANTOS IGLESIAS
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

Polo GRUPO MIXTO

D.ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)
D. JESUS MANUEL VAZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS)

Concelleira non adscrita

Dª VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral dona Pilar María Pastor Novo.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 22.02.2018.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia preguntase se existe algunha obxección ou observación a acta da sesión ordinaria celebrada en data 22 de febreiro de 2018, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada en data 22 de febreiro de 2018, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 22 de febreiro de 2018.

2.- PROPOSTA RELATIVA A RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2018.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 22 de marzo de 2018, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Contratación na súa sesión de data 22 de marzo de 2018, que literalmente di:

"O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 08 de febreiro de 2018, aprobou inicialmente o orzamento para o exercicio 2018.

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña de 15 de febreiro de 2018 publicouse o anuncio da devandita aprobación inicial do orzamento, e da apertura dun prazo de quince días hábiles contados dende a publicación do anuncio durante o que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

O 23 de febreiro a don **LOPD** en nome da Asociación Animalista Libera e da Fundación Franz Weber presenta "un conxunto de enmendas para fortalecer os fondos adicados á protección e benestar dos animais", plantexando engadir unha partida de 6000euros para a creación de zonas de esparcemento para animais domésticos financiada a través da diminución da cantidade consignada na partida 171-22799; engadir unha partida de 3000euros para a execución dun programa de xestión de gatos ventureiros financiada a través da diminución da partida 1722-22699; engadir unha partida de 3000 euros para a convocatoria de axudas para entidades protectoras e grupos informais financiada a través da diminución da partida 9241-48900; e engadir unha partida de 1000euros para a execución dun programa municipal de fogares acolledores, financiada a través da diminución da partida 9241-48900

O 05 de marzo de 2018 dona **LOPD** presenta "reclamación contra a aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello de Culleredo para o exercicio económico de 2018, acordando a revogación do acordo de aprobación inicial do mesmo e a elaboración dun novo orzamento de acordo co exposto nas alegacións contidas na mesma", que son tres: a primeira, que non existe no orzamento ningunha partida orzamentaria que "contemple crédito destinado ao debido cumprimento da obriga de dispor de cemiterio para o Concello"; a segunda, que "non se da debido cumprimento ao establecido no precepto citado (refírese ao artigo 162 TRLFL), posto que non existe o nivel de detalle esixido pola Lei de Facendas Locais"; e a terceira, que "o documento orzamentario non está recollendo a obriga establecida no artigo 162 do TRLFL de "...constituír a expresión cifrada, conxunta e sistemática... dos dereitos que se prevexan liquidar durando o exercicio... así como as previsións de ingresos..."

Vistos os informes que constan no expediente, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

ACORDO:

1. Rexeitar as alegacións presentadas por don **LOPD** en nome da Asociación Animalista Libera e da Fundación Franz Weber, posto que non se fundamenta en ningún dos motivos legalmente establecidos para que se poidan entablar reclamacións contra a aprobación dos Orzamentos.
2. Rexeitar as alegacións presentadas por dona **LOPD**, posto que o Orzamento municipal non omite o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local e o segundo e terceiro motivos alegados non se fundamentan en ningún dos motivos legalmente establecidos para que se poidan entablar reclamacións contra a aprobación dos Orzamentos.
3. Aprobación definitiva do orzamento para o exercicio 2018."

Consta no expediente informe de Intervención de data 22 de marzo de 2018 que transcrito di:

"La funcionaria que suscribe, Interventora del Ayuntamiento de Culleredo, A Coruña, con arreglo a lo establecido en el artículo 214 del RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLRHL), en relación con la reclamación a la aprobación inicial del Presupuesto de esta Entidad, tiene a bien emitir el siguiente informe:

1- Según dispone el Art. 169.1 del TRLRHL, aprobado inicialmente el presupuesto general se expondrá al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la Comunidad Autónoma uniprovincial, por 15 días, durante los cuales los interesados podrán examinarlo y presentar reclamaciones ante el Pleno.

El Art. 170.2 del TRLRHL establece a su vez una serie de causas tasadas en base a las cuales podrán entablar reclamaciones administrativas contra el presupuesto, relativas al procedimiento de elaboración y aprobación del mismo, a la omisión del crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles y a la efectiva nivelación presupuestaria. Únicamente las reclamaciones o alegaciones al presupuesto fundamentadas en las causas enumeradas en el Art. 170.2 deben ser admitidas a trámite, en otro caso, deben ser desestimadas por improcedentes.

2- El presupuesto general de la entidad es aprobado inicialmente por el Pleno en fecha 08/02/2018 y publicado en el Boletín Oficial de la Provincia el 15/02/2018 (BOP nº 32).

Durante el período de exposición al público se presentan dos reclamaciones al presupuesto.

En la primera de ellas (Registro 2018/1664 de 23/02/2018) **LOPD**, en representación de la Asociación Animalista Libera, solicita que se incluyan en el presupuesto partidas por importe de 13.000 euros para la protección y defensa de los animales.

En la segunda (Registro 2018/2254 de 09/03/2018), **LOPD** en representación de la Agrupación del BNG Culleredo alega la no inclusión en el presupuesto de gastos de consignación alguna destinada a cementerio, cuestiones de desglose de las partidas de gastos y la no incorporación al presupuesto de ingresos de provisiones en concepto de cánones.

3.- Por lo que se refiere a la primera, la inclusión de dichas partidas no es exigible para la entidad local en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo, por tanto la reclamación no se ajusta a las causas que la ley legítima con carácter exclusivo como causas de impugnación del presupuesto.

En cuanto a la segunda, el segundo y tercer motivo alegados no se encuentran dentro de los previstos limitativamente en la Ley de Haciendas Locales. El primero de ellos podría estarlo pero no a día de hoy cuando el Plan General de Ordenación Urbana vigente no contempla suelo alguno para la dotación de cementerio, haciendo imposible su construcción.

En este sentido se pronuncia el Jefe de Servicio de Economía y Hacienda en su informe de fecha 20/03/2018, el cual suscribo íntegramente.

En base a todo lo cual, se llega a la siguiente

CONCLUSION

Vistos los antecedentes obrantes y la legislación aplicable, esta Intervención entiende que deberían desestimarse las reclamaciones presentadas por no ajustarse a las causas de impugnación del presupuesto previstas en el Art. 170.2 del TRLHL."



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada e di que a única alegación que se tramita e que ten esa entidade, de solicitude de cemiterio do Concello ten que recordar que a normativa que regula os cemiterios municipais, no seu artigo 3 establece que os concellos deberán construír cemiterios municipais cando no seu termo non exista lugar de enterramento que poida cumprir o disposto na devandita lei; que toda a doutrina e toda a lexislación entenden que existindo outros cemiterios no termo municipal como son no caso do Concello de Culleredo os cemiterios parroquiais, o Concello debería establecer este servizo só no caso de que o cemiterio parroquial non cumpra coa obriga de soterrar sen discriminación por razón de relixión e non fora posible chegar a un convenio co titular do mesmo; que no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, que data de 1987, non se dispón dun terreo coa cualificación urbanística precisa para levar a cabo dita construción, se ben é certo que no Plan Xeral que neste momento se atopa en redacción si se valora e se prevé a existencia dese parque funerario, motivos estes polos que entende que non existe fundamento legal para aceptar esta alegación.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps quen, unha vez concedido, di que o feito de que se presenten estas alegacións ao orzamento poñen de relevo que estes non foron todo o participativos que cabería agardar; que se tratan de argumentos razoados, algún deles debatidos no Pleno como a falta de detalle nas contas; que as propostas dos grupos animalistas van en consonancia coa recente aprobación da Lei de Benestar Animal da Xunta de Galicia e en paralelo a moitas iniciativas lexislativas do mesmo tipo en Galicia e en España; que no municipio de Culleredo este tipo de medidas son especialmente necesarias e non custarían demasiado; repite que o feito de que se presenten estas alegacións ao orzamento poñen de relevo que estes non foron todo o participativos que cabería agardar pero o feito de desestimálas pode parecer incluso desprecioso; que digan "non" reiteradamente non quere dicir que teñan razón e que os veciños o pensen.

C.I.F. P-1503100-H

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que con respecto ás alegacións presentadas como ben di o informe técnico de Intervención non teñen cabida atendendo ao que establece a lei nese senso pero que aínda así desde Ciudadanos lles gustaría retomar máis adiante a proposta que fai a entidade Libera e lograr o consenso deste pleno para revisar a normativa referente a nova lei que se aprobou recentemente pola Xunta de Galicia e poder resolver os problemas de convivencia que hai e coexistir as persoas que teñen animais e as que non os teñen liberando algúns espazos dos parques para que poidan disfrutar.

Seguidamente solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o BNG xa manifestou no seu día a falacia que supoñía a participación para a elaboración deste orzamento; que houbo que repetir a convocatoria da reunión do Consello de Participación Cidadá porque na primeira delas, presidida pola Concelleira da Área, non se levou unha relación completa das propostas da veciñanza nin os motivos das aceptacións nin das exclusións, e na segunda, o Sr. alcalde compareceu unicamente para facer valer o poder do seu cargo e presentar as propostas que o equipo de goberno propoñía, é dicir, á inversa do que se considera a participación; que o BNG fixera dúas relacións de achegas, unha para o gasto e outra para o ingreso e que debe ser ben atípico que unha forza da oposición faga propostas para mellorar os ingresos xa que normalmente limitáanse a facer propostas para os gastos e que cre que en Culleredo nunca tal se vira, e unha vez máis a soberbia municipal, co Sr. alcalde á cabeza, non tivo en conta ningunha delas, nin sequera un pequeno xesto de comunicación de por que non se consideraban as súas propostas; que na relación de propostas de gasto ía enriba de todo, na primeira liña como primeira proposta facer un cemiterio municipal, facer unha dotación orzamentaria para iniciar a construción do cemiterio municipal, un servizo que a lei establece que os concellos deben prestar e non mereceu nin a menor avaliación por parte do goberno municipal, ao que lle trae sen coidado as necesidades de veciños e veciñas, as obrigas legais e as achegas da oposición, sendo ben enrevesada a motivación que traen para rexeitar a alegación proposta; en primeiro lugar que a obriga de prestar o servizo de cemiterio municipal pode facerse de forma directa ou indirecta; que efectivamente a lei admite que o servizo de cemiterio se preste de forma indirecta a través de concesión, xestión interesada, concerto, arrendamento ou sociedade de economía mixta; pregunta se hai alguén no goberno municipal que lle poida dicir cal é a forma como se presta este servizo en Culleredo, cal é a vía destas que ven de ler que se usa para prestar o dito servizo e onde pode consultar o expediente tramitado ou en tramitación, ou cando teñen pensado inicialo e a través de cal das modalidades, considerando que é evidente que non existe.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención dicindo que a outra argumentación é aínda máis peregrina pois fai referencia a que a Lei 49/1978 di que o Concello deberá construír cemiterios municipais cando no seu termo non exista lugar de enterramento que poida cumprir o disposto, recorrendo a unha publicación, calificada polo voceiro do grupo socialista como "toda a doutrina", e procedendo á lectura do seguinte texto incluído no informe do xefe de servizo que di "Por outra parte, a Lei 49/1978, de 3 de novembro, de enterramentos nos cemiterios municipais, establece no seu artigo 3 que os concellos deberán construír cemiterios municipais cando no seu termo non exista lugar de enterramento que poida cumprir o disposto na devandita Lei. A revista El Consultor interpreta esta obriga, existindo outros cemiterios no termo municipal, como son os parroquiais, concluíndo que no caso de que o "cementerio parroquial no cumpre con la obligación de enterrar sin discriminación por razón de religión, y no es posible llegar a un convenio con el titular del mismo, el Ayuntamiento debe establecer el servicio", polo que, a sensu contrario, no caso de que non se produza ese incumprimento non sería necesaria a construción dun cemiterio polo concello."; que unha vez máis o equipo de goberno funciona, tal como están acostumados, de diante cara atrás; que sabe que o goberno municipal non escoita á veciñanza pero o BNG si o fai e sabe como resolven estas cuestións que é indo a cemiterios doutros concellos porque a Lei de enterramentos que mencionan é do 3 de novembro de 1978 e a Constitución publicouse o 27 de decembro de 1978, polo que recorren na súa argumentación a unha lei previa á Constitución e que por tanto non ten as garantías de recoller a liberdade relixiosa para concluír que os enterramentos están garantidos cos cemiterios parroquiais, rozando o ridículo o argumento que a maiores se usa para rexeitar esta alegación que é que o Plan de Ordenación Urbana vixente non contempla solo algún para a construción dun cemiterio facendo imposible a súa construción, esquivando que o Plan Xeral non é a única ferramenta para creación de solo, contando co servizo de Urbanismo para asesorar sobre como facelo, esquivándolle tamén ao equipo de goberno que a competencia para creación de solo non compete a institucións alleas senón que é competencia municipal, podendo acollerse perfectamente unha previsión económica para facer fronte a esa necesidade e ao longo do exercicio desenvolver a calificación do solo que se precise; que queda claro que non desexan facelo e pide que non se utilicen argumentos tan absurdos; que por se todo isto resultase pouco resulta que no orzamento hai partidas para actuacións en terreos que non son municipais como é o caso dun campo de fútbol e que a día de hoxe non se poden gastar os cartos nesa instalación que o equipo de goberno si contempla no seu orzamento; que este é o terceiro ano no que o equipo de goberno establece partidas para a ampliación dos centros sociais como o de Castro-Laxe posto que non queren facer as actuacións urbanísticas precisas para desenvolver un proxecto para aplicar ese orzamento e que iso non lle impide dotar fondos no mesmo; que lle parece ben que o fagan pero non que poñan a excusa de que non existe calificación urbanística da parcela para facer o cemiterio.

Continúa dicindo que a exposta non foi a única alegación presentada xa que o grupo animalista Libera solicitou unha reasignación de créditos relativos ás mascotas en Culleredo e que esta non é unha esixencia espontánea e sen fundamento porque xa hai uns meses o BNG trasladou unha iniciativa das asociacións de veciños en colaboración con esta entidade animalista Libera na que se solicitaban recintos nos parques para ceibar os cans, sendo unha cuestión recorrente na prensa facendo eco das informacións que saen do Concello pois xa na prensa do 2014 e posteriormente no 2017 anunciábase a creación de recintos para cans, quedando en evidencia que mesmo aprobándose a proposta por maioría no Pleno non se dá cumprimento do acordado e se prescinde totalmente do que aproba a representación veciñal, considerándoo unha burla supina para a representación democrática do pobo.

Di que o BNG tamén formulou alegacións ao orzamento polo lado do ingreso e lle parece inexplicable que a día de hoxe o equipo de goberno non soubera dicir por que a partida de ingresos patrimoniais, onde deben recollerse os ingresos procedentes de canons das concesións administrativas, non supera o importe do que debe pagar anualmente unha soa concesionaria como é a da instalación deportiva municipal A Garrocha, que ten un canon anual de 24.000 euros figurando no orzamento presentado unha partida de agrupado de todos de 18.000 euros., instando ao equipo de goberno a explicar neste momento o por que desa cantidade e se non pensan cobrarlle porque todos os veciños pagan relixiosamente os seus 300 euros de contribución e os seus 80 de imposto rodaxe do vehículo, así como as taxas que correspondan por asistencia a actividades de ioga ou de baile ou de zumba.

Continúa a súa intervención dicindo que o BNG tamén alegaba que non existe o nivel detallado que esixe a Lei de facendas locais xa que as bases de execución do orzamento, que propoñen aprobar nesta sesión, recollen na "BASE 3. Nivel de vinculación xurídica dos créditos. 1. Establécese como nivel de vinculación xurídica dos créditos, a área de gasto a nivel de clasificación por programa e o capítulo a nivel de clasificación económica", o que quere dicir o nivel máis agregado de todos, o que implica que o equipo de



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

gobierno pode cambiar as partidas presupostarias dun programa de gasto para outro ou dunha política de gasto para outra, ou dun concepto ou un artigo por outro dentro do mesmo capítulo ou dentro da mesma área de gasto, o que vai en contra do espírito da Lei de orzamentos que quere ter todo ben detallado e para o que é tan estricta esixindo un nivel de detalle pormenorizado nas previsións de gasto; que de non facelo así é tanto como dicir que o texto de varios centos de páxinas detallando cada detalle das partidas orzamentarias, podería suprimirse e substituírse por un folio cunhas poucas liñas recollendo os capítulos nunha columna de ingresos e outra de gastos dos que poden ir dispoñendo os membros do goberno municipal como quen colle os cartos nun saco, coa conseguinte perda de capacidade de control e fiscalización por parte da oposición que é o labor que teñen encargado por parte da veciñanza.

Di que canto máis repasa o orzamento máis se dá conta do que se podería alegar, e que fai pouco repararon en que as bases de execución non recollen a obriga de pedir tres orzamentos para gastos menores, como se fai en calquera familia, dando lugar a situacións como a que se pode ver estes días no perfil do contratante dun contrato menor para reparación do edificio de Servizos Múltiples por 44.165 euros que resulta adjudicado na mesma cantidade cando no documento de formalizaciónponse un copia e pega que di "vantaxes da oferta adjudicataria: oferta máis ventaxosa economicamente". Remata a súa intervención anunciando que votará en contra na proposta de desestimar as alegacións e aprobar definitivamente este orzamento solicitando se traia unha proposta de orzamento que contemple estas alegacións que se fan.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que en relación coas alegacións presentadas no período de exposición pública ao orzamento do Concello para o exercicio 2018 a Lei de Facendas Locais no seu artigo 170.2 regula as causas polas que se poden presentar alegacións e taxativamente establece que únicamente se poderán presentar alegacións por non terse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos, por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, ou por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto; que a alegación presentada por parte da Asociación Animalista Libera e a Fundación Franz Weber considera que se trata máis que de alegacións ao orzamento de emendas para adicar fondos por importe de 13.000 euros á protección e benestar dos animais, propoñendo a creación dun parque ou un rexistro de gatos, entre outras; que entenden que esta proposta chega fóra de tempo e que polo tanto, aínda que non se teña en conta como alegación pois non cumpre coa norma, iso non quere dicir que algunha das propostas non se poida ter en conta como a referida creación de zonas para animais domésticos xa que aínda que non figure no orzamento unha partida con ese nome, a que se pretende minorar pode recoller perfectamente este gasto; que con relación ás outras propostas, di que a dita Asociación está a tempo de presentar a súa proposta acompañada dunha memoria para que por parte do Concello, de ser o caso, se poida asinar algún tipo de convenio, axuda ou subvención, que é o que realmente solicita; que con respecto á alegación feita por dona /

LOPD na que pide a revogación do acordo de aprobación inicial do orzamento e a elaboración dun novo, non vai falar das alegacións feitas pois xa os compañeiros da oposición o fixeron pero si quere dicir que considera que o orzamento elaborado polos técnicos do Concello recolle escrupulosamente o establecido na normativa de aplicación no que respecta a súa elaboración, non cabendo máis que felicitalos polo traballo realizado; que por outra banda, o feito de que non figure unha partida específica non quere dicir que o orzamento non faga fronte ás obrigas do Concello, non debendo esquecer que segundo a normativa vixente en materia de facendas locais, os créditos pódense modificar existindo figuras como a ampliación de crédito, a transferencia de crédito, a xeración de crédito, a incorporación de crédito, os créditos extraordinarios ou suplementos de crédito e as baixas por anulacións de crédito; que polo que respecta a elaboración deste orzamento e a súa elaboración desde Marea Veciñal entenden que cumpre coa normativa vixente.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que neste caso o que se está facendo é fincapé nos informes técnicos municipais e concretamente no da Intervención municipal, non cabendo usalos só cando interesa e debendo ter en conta que son favorables para a aprobación do orzamento que se presenta e que din que as alegacións presentadas deben ser rechazadas, solicitando se faga uso do sentido común pois o equipo de goberno é o primeiro interesado en establecer un cemiterio, un parque funerario de tipo municipal pero a día de hoxe non hai ningún solo calificado urbanísticamente para ese fin, non tendo sentido facer unha consignación orzamentaria non habendo o dito solo e que na



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

nova normativa que se prevé aprobar si vai previsto ese cemiterio municipal, sendo o motivo de que non se faga neste orzamento a dotación orzamentaria o feito de que ata o de agora non foi posible a súa construción e ademais todas as necesidades estiveron cubertas doutra maneira.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 22 de marzo de 2018r, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (doce), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Votos en contra: 2 (dous), dos sres/as: Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps

Abstencións: 7 (sete), dos sres/as: Cañas Varela, Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muñíos, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez e Carballeda Feijoo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación de data 22 de marzo de 2018, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén a continuación o alcalde-presidente, Sr. Riboboo Castro, e di que os puntos números 3 e 4 da orde do día refírense ambos os dous á solicitude dunha nova exposición pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) e apertura dun novo período de alegacións antes da aprobación provisional polo que considera que, dada a similitude das mocións, se debería debatir unha soa aínda que se proceda á votación das dúas.

Tras un breve debate entre os voceiros propoñentes, acórdase ler e votar cada moción por separado, e proceder ao debate conxunto tras a lectura da segunda.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA. MOCIÓN DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS RELATIVA A NOVA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) E APERTURA DUN NOVO PERIODO DE ALEGACIÓNS, ANTES DE APROBACIÓN PROVISIONAL.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposición do grupo municipal Alternativa dos Veciños, de data 23 de febreiro de 2018, relativa á nova exposición pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) e apertura dun novo período de alegacións, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"Alicia Ferreiro Varela, voceira de Alternativa dos Veciños de Culleredo, presenta para a súa aprobación polo pleno do concello a seguinte,

MOCIÓN:

PROPOSTA DE NOVA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) E APERTURA DUN NOVO PERIODO DE ALEGACIÓNS, ANTES DA APROBACIÓN PROVISIONAL



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Con data 7/9/2016 Alternativa dos Veciños solicitou do goberno municipal, unha serie de informacións e documentos respecto do PXOM para facer o seguimento da situación na que se atopaba o mesmo nese intre. O solicitado era:

- Copia do documento do PXOM aprobado inicialmente o 31/1/2013
- Copia dos informes sectoriais
- Resolucións emitidas en resposta as alegacións presentadas
- Copia do novo documento do PXOM antes da súa aprobación inicial

O motivo da solicitude desta documentación era para comprobar, despois de máis de catro anos da aprobación inicial, as modificacións que poidera sufrir o Documento debido ás negociacións de convenios posteriores tanto con promotores como con veciños e veciñas, sin esquecer as propias dos distintos informes sectoriais e as máis de mil alegacións presentadas, por certo aínda sen responder.

O goberno municipal negounos practicamente toda a información solicitada, alegando que o equipo redactor non rematara o traballo pero que, antes da aprobación provisional, levaríanse a cabo reunións cos distintos grupos que conforman a corporación e que suprimiron de inmediato cando lles esiximos dita documentación.

Desde o grupo municipal de Alternativa dos Veciños seguimos insistindo ata que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o 17 de xullo do pasado ano, remitiu ao Concello a resolución de Memoria Ambiental na que esixía modificar, correxir, eliminar e incorporar partes do documento do PXOM resultante finalmente, que xa non era o mesmo que se aprobara inicialmente coa súa exposición pública no ano 2013.

Con posterioridade ao comprobar o contido da resolución da Xunta ao documento do PXOM podemos asegurar que as modificacións levadas a cabo supoñen un cambio substancial respecto ao que fora aprobado inicialmente e que no seu día espuxérase publicamente para coñecemento e formulación de alegacións correspondentes.

Estas modificacións substanciais, recalifican solos e aproveitamentos urbanísticos posteriores á aprobación inicial exposta aos cidadáns e das que ata agora non tiñamos coñecemento, polo que obrigan ao goberno e a corporación municipal a unha nova exposición pública en aras ao dereito á información, para axustarse a legalidade e a transparencia, que debe rexer desde o concello cara a veciñanza xa que estamos a tratar do documento máis importante para o fomento e o desenvolvemento ordenado do noso municipio nos vindeiros anos, que permitirá rematar coa inseguridade urbanística e a especulación.

Por todo o exposto, o grupo municipal de Alternativa dos Veciños propón:

Que se aprobe polo pleno da Corporación unha nova exposición pública dos documentos do Plan Xeral, antes da súa aprobación."

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta da voceira de Alternativa dos Veciños, do concelleiro Enríque Antón Chouciño Garrido e da concelleira dona Verónica Rivadulla Deschamps, que transcrita di:

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción do concelleiro do BNG, da voceira de Alternativa dos Veciños e da concelleira non adscrita, que transcrita di:

"Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG-Asembleas Abertas, Alicia Ferreiro Varela, concelleira e voceira municipal de Alternativa dos Veciños, Verónica Ribadulla Deschamps, concelleira non adscrita da corporación municipal de Culleredo; ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, facéndose eco dunha proposta veciñal da que xa teñen coñecemento no



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

gobierno municipal e que reuniu un importante número de sinaturas que foron presentadas no rexistro municipal e que segue en marcha, trasladan e presentan ao Pleno para o seu debate a seguinte

Proposta para unha segunda exposición pública do PXOM e contestación das alegacións

O texto anexo leva a exposición de motivos e de proposta para unha segunda exposición do PXOM en tramitación actualmente e o requirimento de que se contesten todas as alegacións antes de sometelo a aprobación provisional.

E por iso se propón a adopción dos ACORDOS propostos no texto e que reproducimos aquí unha vez máis:

QUE SE FAGA UNHA NOVA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PXOM, para coñecer as variacións que se introduciron no documento aprobado inicialmente pola Corporación: correccións e erros, alegacións aceptadas, modificacións introducidas por indicación doutras administracións e de organismos interesados.

QUE SE CONTESTEN TODAS AS ALEGACIÓNS ANTES DA APROBACIÓN PROVISIONAL DO PXOM, para que tod@s poidamos defender os nosos intereses coas mesmas oportunidades; pois hai persoas interesadas que dispoñen de máis información ca outras.

Pedimos unha mostra clara, de total e absoluta transparencia".

A continuación o Sr. Chouciño Garrido procede á lectura do texto anexo á proposta que di:

C.I.F. P-1503100-H

"Entendemos a necesidade de que o Concello de Culleredo conte cun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), máis un documento desta dimensión e relevancia para a nosa cidadanía, non se pode aprobar de costas á veciñanza. O oscurantismo co que se ven tratando este documento incumprir as promesas de transparencia formuladas polo Goberno Municipal. Son reiteradas as dificultades interpostas polos seus responsables para obter información sobre o estado actual do proxecto de PXOM aprobado inicialmente en 2013. A pesar desta situación, abonda unha lectura da Memoria Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, único documento público que aporta información sobre o seu desenvolvemento, para verificar que o documento enviado á Xunta de Galicia mudou significativamente do presentado á veciñanza hai 5 anos. Este informe elaborouse contando con toda a información engadida ou modificada no proxecto trala súa exposición pública.

Sirvan como exemplo da relevancia destas modificacións a ampliación de áreas urbanas e urbanizables en certos sectores destacados pola Consellería de Medio Ambiente como desmesurados e inxustificables, ou a modificación da vixencia do PXOM de 12 a 16 anos, con todas as súas implicacións na planificación e orzamento públicos. Toda esta información é descoñecida pola veciñanza, tanto a procedente das alegacións como dos informes sectoriais. A maiores, o informe da Consellería de Medio Ambiente, critica duramente as bases sobre as que se fundamenta o plan; crecemento demográfico, necesidade futura de vivendas, etc... e vulnera a igualdade no dereito á información ao adiantar e amosar o resultado dalgunhas modificacións resultado de alegacións ao proxecto de PXOM.

Estas modificacións substanciais supoñen que o PXOM, aprobado inicialmente en 2013, debe ser sometido a unha nova fase de exposición pública, que permita coñecer realmente o deseño do futuro Culleredo así como participar nel. Esta obriga ven recollida na páxina 2 do Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM, emitida pola Xunta de Galicia, cando di "No caso de que as alegacións ou comentarios recibidos no período de consultas impliquen modificacións significativas da versión preliminar do planeamento, deberanse estudar os efectos da nova proposta na sustentabilidade e someter o novo documento a outro período de participación e consultas."

Considerando o dereito á información o máis básico dos elementais, e máis cando afecta ao patrimonio, ao vivir cotiá e ao futuro desenvolvemento do municipio, queremos solicitar:



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

QUE SE FAGA UNHA NOVA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PXOM, para coñecer as variacións que se introduciron no documento aprobado inicialmente pola Corporación: correccións de erros, alegacións aceptadas, modificacións introducidas por indicación doutras administracións e de organismos interesados ...

QUE SE CONTESTEN TODAS AS ALEGACIÓNES ANTES DA APROBACIÓN PROVISIONAL DO PXOM, para que toda a veciñanza poda defender os seus intereses coas mesmas oportunidades; pois hai persoas interesadas que dispoñen de máis información ca outras.

Pedimos unha mostra clara, de total e absoluta transparencia."

Finalizada a lectura, o Sr. Chouciño Garrido di que este texto pretendía ser unha iniciativa popular pero non acadou as sinaturas necesarias para poñelo en marcha, xa que é necesario que asine o 10% do censo e non se conseguiu.

A continuación a Presidencia inicia a quenda de intervencións e solicita o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps quen, unha vez concedido, di que o PXOM é un dos documentos de máis importancia na Administración e na política municipal, pode influir nos hábitos, na calidade de vida e no benestar xeral da cidadanía xa que pode modificar de xeito substancial a súa contorna, o que entende perfectamente o grupo de veciños que se agrupou para esixir transparencia, querendo saber en que se vai ver afectada ou influída a súa vida: ampliación da autoestrada, posibilidade de novas rúas e estradas, a edificabilidade desmedida ou desequilibrio co medio ambiente son temas que afectan a todos porque vivimos no mesmo mundo e non illados; que o dereito á información ven garantido pola Constitución, esa mesma da que se leva falando varios meses en España; que a veciñanza ten dereito a saber se a súa vida vai cambiar e canto e que o Sr. Alcalde prometeu transparencia no momento en que accedeu ao seu cargo, sendo este un momento precioso para facer ver que os feitos falen máis que as súas palabras.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que este Plan xa estaba redactado cando a cidadanía puxo a Cidadáns na Corporación de Culleredo, que é un plan que xa estaba iniciado pero eles entenden a inxerencia dos veciños que presentaron alegacións porque tal como expresou a concelleira Sra. Rivadulla Deschamps todo o mundo quere saber como vai cambiar a súa vida e como vai afectar este Plan a toda a veciñanza; que aínda así pensa que dado que o Plan afecta a todo o municipio, non é habitual contestar individualmente a todas as alegacións; que entende que cada un quera saber como está a alegación que presentou pero o que si debe constar no expediente á a totalidade de informes técnicos e xurídicos que aconsellen fundamentamente estimar ou desestimar todas e cada unha das alegacións e o Concello, no acordo de aprobación provisional, deberá decidir as alegacións que estima ou desestima e por que; que posteriormente o Equipo Redactor do Plan terá que modificalo en función das alegacións que se estimen, sendo esa a contestación básica de como debe de ir un plan; que ten que concluir que neste asunto hai que ter coidado de que alegación tras alegación non consigan que o modelo inicialmente construído quede desfigurado e que as alegacións estimadas profundicen no modelo e constitúan un avance na protección ambiental ou urbana, que se presupón é o que procura o dito Plan; que será obrigatorio un novo trámite de información pública cando as modificacións introducidas na aprobación provisional signifiquen un cambio substancial nos criterios e nas solucións do plan inicialmente aprobado; que non é técnico e non pode dicir se esas alegacións poden levar a un cambio substancial, considerando que son os técnicos os que deben avaliar a posible alteración substancial do Plan que daría lugar á procedencia dunha nova exposición pública.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o BNG súmase aos grupos que aceptaron unha proposta conxunta que se faga eco dunha iniciativa veciñal para unha nova exposición pública do PXOM; que xa hai case cinco anos desde a aprobación inicial do plan, en 2013, e nese tempo cambiaron moitas cousas, cambiou parte da xente que vive en Culleredo, un municipio cun alto movemento poboacional, cambiou xente que ten pertenzas que antes non tiña, por compra, por herdanza ou polo motivo que fora, e que é posible que teña inxerencias que antes non tiña, cambiou ata a composición do goberno municipal, e cambiou o alcalde, e sobre todo, aumentou a inxerencia polo resultado das alegacións presentadas no seu día fronte ao plan aprobado inicialmente: que cambiou tamén, polos indicios que se poden ter de forma pública, o propio proxecto do PXOM, de forma importante, ampla e de cuestións moi relevantes, como non podía ser doutra forma, nun concello afectado por tantas restriccións que veñen das infraestruturas que cruzan o municipio e demais afeccións: o aeroporto, a autovía, a autoestrada, a vía do camiño de ferro, os ríos e múltiples regatos, as implicacións medioambientais, etc...;

10 de 46



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

que segundo informa o propio goberno municipal, ata 50 informes sectoriais tiveron que emitirse e valorarse ata conseguir que se cumpriran as exisencias do sector implicado, e tamén, das seica 1600 alegacions presentadas, unha alta porcentaxe delas aceptadas total ou parcialmente, máis rexeitadas nun 43%; que por último, o documento resultante, alterado xa por toda a tramitación comentada, remítese á Dirección Xeral de Medio Ambiente para o preceptivo informe medioambiental e a verificación de que o plan se axusta ao contexto definido inicialmente por ese organismo; que de todas esas revisións, e lendo o informe da Dirección Xeral de Medio Ambiente, única información pública até agora, xunto coa información que o equipo de goberno vai derivando á prensa, dedúcese que o plan non o coñece nin a nai que o pareu, e solicita desculpen a licenza.

Continúa a súa intervención dicindo que nese contexto, nesa incerteza, xurde unha iniciativa popular que reúne 350 sinaturas, que, sen ser poucas, seica puideran ter sido máis se non tiveran desaparecido inexplicablemente os pregos dalgúns dos lugares de recollida; que o goberno municipal xa se encargou de transmitir pola prensa que non lle daba validez, cabendo lembrar ao equipo de goberno que a iniciativa popular, recollida pola lei de bases de réxime local, é a extensión ao mundo local da iniciativa popular recollida na Constitución para crear leis no Estado, ou a nivel galego no ámbito do Estatuto de Autonomía; que as anteriores, están reguladas para facilitar, mesmo aportando medios aos promotores da iniciativa, o seu desenvolvemento, non sendo así no ámbito local, querendo dicir con isto que o mérito da iniciativa se cabe é maior, respondendo o Sr. alcalde á mobilización veciñal cunha falta de respecto que non lle debiera merecer ninguén, mesmo sen prestarse a recibir a unha representación para escoitalos e dar unha resposta ás súas demandas; que como ve, esta actitude non os botou para atrás, máis ben ao contrario, posto que se transparencia pedían, transparencia seguen pedindo, e agora con máis motivos, lembrándolle ao Sr. Alcalde, que tivo que ser o voceiro do BNG, quen lle requirira o escrito dun grupo de veciñas e veciños, dirixido a todos os grupos políticos e que quince días despois da súa presentación, aínda non fora entregado aos destinatarios, poñendo de escusa naquel momento problemas no rexistro, atopándose na sesión a Sra Secretaria, responsable do servizo de rexistro, que podería informarnos da veracidade da escusa.

Segue a dicir que o colectivo de veciños e veciñas ten enfatizado ao igual que os grupos que trasladan a proposta, que coñecen a importancia de que Culleredo conte cun PXOM que permita ter certeza de cómo queren medrar como municipio, pero isto non pode ser un cheque en branco para que se teña que aprobar sen máis, sen o coñecemento veciñal, sen a transparencia que lle corresponde a un documento tan trascendente, querendo facer valer con isto que a petición veciñal é mensurada, xusta, e oportuna, non tendo nada de particular, que un plan para un concello con tantas particularidades, non se limite á xeneralidade de tramitación que esixe a lexislación e que vaia un pouco máis alá, debendo enténdelo así e todos os grupos representados nesta corporación deberían enténdelo así, xa que non todos os concellos están atravesados simultaneamente pola vía do tren, a autoestrada, a autovía, o aeroporto, teñen costa, ríos, montaña, patrimonio, etc...non debendo ver isto como un problema senón como unha oportunidade e abordalo de forma que se saiban aproveitar as potencialidades e superar as debilidades, precisando de todas as opinións, e de todos os ollos que o supervisen, non debendo esquecer a susceptibilidade social con temas relacionados coa corrupción que tan a miúdo foi aparelada co urbanismo, xa que non é unha cuestión menor e a transparencia que demandan colaboraría a despexar dúbidas acerca disto, sumando en vez de restar, como o equipo de goberno tantas veces di; que o plan debe aprobarse cando se suscite o acordo ao seu redor, levando o grupo socialista como lema das eleccións de 2015 "gobernar para a maioría", curioso eslogan, pregándolle que gobernen para todos e todas e que intenten conciliar o interese común, tendo o BNG cuestións que incorporar a esta argumentación veciñal sobre a falla de transparencia.

Continúa dicindo que en varias ocasións escoitaron falar de convenios urbanísticos aos que hai que darlles cumprimento a través do PXOM, sendo a evidencia máis palpable cando o concello de Culleredo foi condeado a pagar 1.560.000€ nunha sentenza xudicial, por unha permuta incumplida dun convenio urbanístico por unha parcela para o colexio Ría do Burgo, habendo máis indicios, descoñecendo cantos pode haber sen indicios dos que teñan constancia, insistindo en que teñen solicitado, de forma reiterada o acceso á totalidade dos convenios urbanísticos que é unha información transcendental para coñecer as hipotecas dun goberno municipal da mesma cor durante máis de tres décadas e do que é herdeiro o actual alcalde, sendo a resposta sempre a calada e tendo que chegar a demandalo á Valedora do Pobo, e tendo que sorprenderse cando a Valedora lles comunica, dous meses máis tarde, que ten que volver requirir ao Concello porque non atenden a súa solicitude, incumprindo a Lei e unha obriga que debiera ser sagrada para calquera administración e máis para esta que está neste momento da tramitación dun Plan Xeral, polo que o BNG súmase e traslada a petición veciñal dunha exposición pública do PXOM, dirixíndose aos sres. concelleiros dos distintos grupos políticos para dicirlles que a veciñanza quixo unha representación sumamente plural, até o punto de que hai representadas seis



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

forzas políticas e unha concelleira non adscrita, pensando que non se equivoca se di que era unha cuestión transversal a todos os grupos, unha administración e un goberno transparente, sen ser exclusivo de ningún deles, tendo agora ocasión, coa veciñanza presente, de demostrar que non eran palabras ocas, que o que dicían tiña contido e que se o deciden na sesión plenaria da Corporación, coa veciñanza presente, non debería haber ningún obstáculo para que o PXOM sexa amosado publicamente ao mesmo tempo que se lles amosa aos grupos políticos para o seu coñecemento e toma de posición respecto da súa aprobación ou non cando proceda, polo que prega, en nome da veciñanza autoorganizada que nos transmite a proposta, e no seu tamén, o apoio a unha exposición pública do documento do PXOM.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que verbo do Plan Xeral de Ordenación Municipal que tramita o equipo de goberno do PSdeG-PSOE do Concello de Culleredo, o informe feito pola Consellaría de Medio Ambiente advirte de que a proposta feita polo Concello para a ordenación urbanística de Culleredo agravaría os problemas de mobilidade actuais que ten o Concello xa que coa proposta aumentáanse as necesidades de desprazamento da poboación utilizando o vehículo privado, motivado pola excesiva previsión de vivendas, observando a Consellaría de Medio Ambiente que esta previsión non se axusta á necesidade real do Concello; que desde a Marea Veciñal entenden que durante todo este tempo por parte da empresa redactora do Plan se está a traballar para adecuar o PXOM ás modificacións solicitadas pola Consellaría de Medio Ambiente así como entenden que no momento en que este traballo de adecuación do Plan Xeral estea rematado por parte do equipo de goberno se dará traslado do seu resumo, elaborado polo Concello, con carácter previo á aprobación do documento no que, segundo a normativa, se deberá incluír a xustificación da integración no Plan dos aspectos ambientais, a xustificación de como se tomaron en consideración no Plan o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas e a declaración ambiental estratéxica así como, se é o caso, as discrepancias xurdidas no proceso e as razóns da elección da alternativa seleccionada en relación coas alternativas consideradas, feito que demandará a transparencia e o interese que mostra o equipo de goberno porque as distintas opcións políticas que conforman o Pleno do Concello aporten a súa visión de futuro para Culleredo, demostrando deste xeito o seu interese por negociar un futuro do modelo urbano a implantar nos vindeiros 16 anos no Concello; que non está a falar de ningunha invención senón simplemente do procedemento para a elaboración dun Plan Xeral, considerando que se debe ser escrupuloso co procedemento que regula a aprobación do Plan Xeral e non querer inventar o que xa está inventado nin querer modificalo ao propio interese só porque neste momento do partido vaise por debaixo do marcador porque aínda queda moito partido por xogar; que compre facer un pouco de memoria e recordar que o equipo de goberno do PSdeG, co alcalde Julio Sacristán ao fronte, comezou a redacción do Plan en agosto do 2010, tendo maioría absoluta o PSdeG e que xa en xaneiro do 2013 o Pleno, cando Julio Sacristán gobernou con maioría absoluta grazas ao acordo adoptado entre o PSdeG e a Agrupación Progresista de Culleredo (APdC), acordou aprobar inicialmente o Plan Xeral, pero en agosto do 2013 revogou parcialmente este acordo de aprobación inicial para rectificar aspectos concretos deste, someténdoo de novo a exposición pública con motivo das ditas modificacións; que en marzo do 2017 é cando o equipo de goberno do PSdeG, que está a gobernar en minoría, envía a documentación do Plan Xeral á Xunta de Galicia para a súa aprobación co obxecto de que se formule a Memoria Ambiental, emitindo este organismo un informe no que se expresan unha serie de modificacións que se teñen que realizar na proposta feita polo equipo de goberno; que á vista destes feitos querén destacar que a proposta, así como as modificacións feitas, fixéronse polo goberno municipal nunhas datas nas que o grupo municipal da Marea Veciñal non tiña representación no Concello de Culleredo; que a visión de futuro que a Marea Veciñal ten para Culleredo en relación coa ordenación urbana e do territorio ten moito que ver coa mobilidade xa que é unha das variables fundamentais a ter en conta á hora do desenvolvemento sustentable nun Concello, e que o modelo de mobilidade ten unha repercusión directa sobre a calidade de vida da cidadanía tratándose dunha variable complexa na que interveñen desde o deseño urbanístico do Concello ata os hábitos e o estilo de vida dos seus habitantes; que desde a Marea Veciñal recoñecen a interdependencia do transporte, a saúde e o medio ambiente e intentarán acometer modelos de mobilidade sustentable, reducindo a dependencia do transporte privado motorizado, aumentando a porcentaxe de desprazamentos en transporte público, peonil ou bicicletas, promovendo alternativas ao uso de vehículos privados a motor; que nestes intreos o crecemento do Concello, así como o proxecto Culleredovivo, fan que sexa máis que nunca moi conveniente abrir o debate sobre mobilidade sustentable en Culleredo así como que a opción de ordenación urbana interesa máis para acadar un desenvolvemento sustentable do Concello, entendendo que afrontar as empresas a ordenación urbana de Culleredo resulta fundamental xa que atópase nun momento de oportunidade inmejorable para poder desenvolver un



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

Plan Xeral vinculado a un plan de mobilidade sustentable, fomentando un crecemento urbanístico ordenado e sustentable que redunde en Culleredo; que as presas non poden condicionar a ordenación urbana dun Concello no que ningunha das forzas políticas acadou a maioría absoluta nesta lexislatura; que facer as cousas ben e con consenso require de tempo, paciencia e saber o que se quere, polo que invitan ao goberno municipal a negociar o modelo de ordenación urbana de Culleredo con todos os grupos que conforman o Pleno.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fariñas Seoane quen, unha vez concedido, di que tal como xa apuntaron algúns dos voceiros que xa interviron, o Plan Xeral é un dos temas, ou o tema, de máis relevancia para o goberno municipal, sendo un tema polémico no que será imposible que todos se poñan de acordo pois cada cidadán redactaría un Plan distinto pero é preciso facer o maior esforzo por parte de todos, tanto por parte do grupo de goberno como dos actuais partidos da oposición dado que van xa 30 anos co mesmo Plan Xeral, con 25 modificacións puntuais, intentando en máis dunha ocasión elaborar un novo Plan sen chegar nunca a un entendemento, a pesar de ter o goberno socialista maiorías absolutas polo que hoxe faise todavía máis difícil; que hai que ter presente que todo isto se fai por e para os máis de trinta mil veciños de Culleredo sendo eles os que deben coñecer a realidade do seu municipio tanto presente como futura; que non están hoxe para valorar o bo e o malo do Plan Xeral que este Concello está tramitando actualmente senón que o que se trae é unha moción na que se solicita unha nova exposición pública e a contestación a todas as alegacións presentadas; que o grupo popular non comparte o oscurantismo que o grupo socialista está tendo neste tema e que en máis dunha ocasión, tanto en comisións informativas como xuntas de voceiros como plenos como o que hoxe se está celebrando distintos grupos municipais teñen solicitado que os concelleiros poidan ter acceso á documentación que hoxe forma parte do Plan Xeral de Culleredo sen que en ningún momento se conseguise o seu voto favorable senón que, tal como sinala a concelleira Sra. Ferreiro no contido da súa moción, si é certo que nalgunha ocasión se lles convocaba a reunións sobre o Plan Xeral e se negaron rotundamente, co anterior alcalde pero co mesmo concelleiro de Urbanismo, o que provoca unha grande cantidade de informacións contradictorias que levan a que todos, cidadáns e concelleiros, se poñan no peor; que no ano 2013 o Pleno aprobou inicialmente o Plan Xeral co voto en contra do Partido Popular, único grupo da actual Corporación que votou en contra do actual Plan Xeral e que nese momento o propio Partido Popular esixiu, a través do seu voceiro, que se contestaran todas e cada unha das alegacións e se se revisan as actas poderase comprobar que o Sr. alcalde naquel momento comprometeuse a facelo; que foron un total de 1162 alegacións das cales, según o equipo de goberno, un 38% foron aceptadas totalmente e o resto denegadas ou aprobadas de forma parcial, pero os veciños presentes na sesión e os concelleiros, alomenos os do Grupo Popular, non saben cal foi a resposta a esas alegacións nin se foron aprobadas ou denegadas; que desde o Partido Popular tramitáronse e xestionáronse desde a sede máis de 200 alegacións sen que saiban a día de hoxe se foron aprobadas ou denegadas, sabendo que non é obrigatoria a súa contestación no momento actual pero que si saben que o goberno está alimentando a polémica cando teñen na súa man a chave para solucionar parte dos problemas que actualmente se están dando, pedíndolle que fagan un exercicio da tan laureada transparencia e contesten a todas e cada unha das alegacións non dentro de meses nin cando se produza a aprobación provisional senón á maior brevidade posible xa que dispoñen de toda a documentación necesaria para facelo a día de hoxe; que o grupo Popular apoia ao 100% que a información sexa pública e que se atope a disposición de todos os veciños tal como se solicitou polos organizadores e asistentes á reunión que tivo lugar no Edificio de Servicios Múltiples o pasado 21 de marzo, non entrando a valorar se se fai a través dunha exposición pública, dunha campaña informativa ou outro medio que consideren oportuno sempre que se respeten todos os procedementos legais que os técnicos municipais consideren oportuno, anunciando que por todo iso o seu voto vai ser favorable.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Montelos quen, unha vez concedido, di que o Plan Xeral de Culleredo iniciase con data 4 de decembro de 2008, mediante un contrato suscrito co equipo redactor de Monteoliva Sociedade Limitada Profesional; que con data 12 de agosto de 2010 o Concello comunicou á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o inicio da redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Culleredo enviándolle un documento de inicio como anteproxecto de planeamento e o 17 de agosto de 2010, dito órgano ambiental someteu a consulta pública na sede electrónica o documento de inicio por un prazo de dous meses, consultándose ao mesmo tempo aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente o desenvolvemento sostible; que o 4 de outubro de 2010 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou o documento de referencia no que determinaba o alcance que debería ter o informe de sustentabilidade ambiental (a ISA) do Plan; que o 31 de xaneiro de 2013 o Pleno da Corporación municipal acordou aprobar inicialmente o PXOM, incluído o informe de sustentabilidade ambiental e sometelo a consultas e información pública durante dous



Código do documento	Código do expediente
USG12100BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

C.I.F. P-1503100-H

meses, prevéndose na normativa un mínimo dun mes, publicándose dito acordo no Diario Oficial de Galicia de data 14 de febreiro de 2013 e nos xornais "La Voz de Galicia" e "La Opinión de A Coruña" o día 10 de febreiro de 2013, acordando posteriormente o Pleno da Corporación de Culleredo o día 29 de agosto de 2013 revogar parcialmente o acordo de aprobación inicial en aspectos concretos que foron rectificadas e aprobados novamente, sendo sometidos os documentos rectificadas a unha nova exposición ao público tamén por prazo de dous meses contados a partir da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia nº 192, do 8 de outubro de 2013 e nos diarios "La Voz de Galicia" e "La Opinión de A Coruña" de data 14 de setembro de 2013; que o 31 de marzo de 2017 o Concello de Culleredo presentou ao antedito órgano ambiental a documentación completa do PXOM para aprobación provisional co obxecto de que se formule a memoria ambiental e o 17 de xullo de 2017 formúlase polo Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas da Subdirección Xeral de Ordenación Ambiental da Xunta de Galicia propoñendo unha serie de modificacións que constan na documentación aportada considerando o Plan ambientalmente viable sempre que se incorporen nel as consideracións que se recollen na dita memoria ambiental, propostas e determinacións que foron incorporadas polo Equipo Redactor; que a situación xeográfica de Culleredo, no litoral da provincia da Coruña, na rexión urbana Ártabra, que participa do espazo metropolitano e do continuo urbano da Coruña, porta de entrada e saída da cidade da Coruña soporta unha serie de servizos á cidade e á área que complican sobremaneira a redacción do Plan Xeral de Culleredo polas múltiples servidumes que se xeran sobre o territorio, o que se ve claramente na enorme cantidade de informes sectoriais (máis de 50) necesarios para incorporar ao mesmo, que condiciona sobremaneira a ordenación do término municipal, informes sectoriais que a día de hoxe son todos e cada un deles favorables; que a complexidade de redacción do Plan Xeral débese tamén ao tempo que se leva intentando, desde 1997, unhas veces polo cambio de normativa, lembrando a Lei 9/2002, o que impediu a construción en solo rústico, ata esa data posible, e tamén pola carencia de todos os informes sectoriais que no seu momento tiñan que ser favorables, contando neste momento por primeira vez na historia con todos eles favorables; que o proxecto de Plan Xeral que se vai presentar non pode ser alleo ao desenvolvemento metropolitano, cando os límites xeográficos municipais se amosan cada vez máis difusos e imprecisos debido ao crecemento experimentado nos derradeiros anos polos municipios limítrofes onde hoxe a función residencial non é exclusivamente da cidade senón compartido cos municipios de Arteixo, Culleredo, Oleiros como primeira coroa e en menor medida cos concellos de Cambre, Carral e Sada, dando lugar a un policentrismo urbano e descentralización de actividades fóra do núcleo central da Coruña aos municipios limítrofes, partindo o Plan dun estudo amplo da realidade actual do Concello, que ten unha realidade urbana importante: as parroquias de Rutis e O Burgo, asentamentos rurais dispersos, arredor dos núcleos tradicionais, e novos asentamentos como consecuencia do desenvolvemento do vixente e actual Plan Xeral de 1987, crecemento mediante asentamentos nalgúns casos de transición ao longo de importantes infraestruturas de comunicación e desenvolvemento de polígonos e crecemento industrial e terciario tamén mediante dito desenvolvemento; que o Concello de Culleredo non dispón de concentración parcelaria polo que hai unha importante diversidade parcelaria; que a metade do Concello é forestal e a súa superficie está ocupada fundamentalmente por plantacións de eucaliptos e en menor medida por outras especies e menos dun terzo do territorio está destinado á plantación de produtos hortofrutícolas algúns deles en invernadoiros, dándose tamén a situación da práctica desaparición da gandería intensiva, habendo unhas 80 hectáreas adicadas á implantación industriais de tipo terciario; que todos saben o que xera ter un aeroporto no Concello, como servidumes radioeléctricas ou problemas de cotas e de pegadas sonoras, sendo tamén o Concello un concello de paso de servizos como auga, gasodutos, oleodutos ou liñas eléctricas de alta tensión, estradas estatais, autonómicas, provinciais, A9, A6, Terceira Ronda etc., patrimonio arquitectónico coa súa arquitectura popular, asentamentos arqueolóxicos etc., ríos, regatos existentes e propostas para a súa conservación e recuperación, servizos de saneamento dos abastecementos existentes, equipamentos sanitarios, educativos, administrativos, etc.; que do estudo efectuado se detectan unha serie de problemas, de debilidades e fortalezas no Concello de Culleredo ás que se tenta dar solución no proxecto de Plan Xeral, globalmente e a cada distrito e a cada parroquia, apreciándose por un lado unha zona urbana inacabada, existindo espazos e ocos non resoltos, inconexos con mallados e tecidos urbanos de diferente estrutura que conviven próximos pero non teñen resolta unha axeitada inserción e continuidade, unha cidade cocinada en límites artificiais que segregan ou dividen constituíndo un atranco para as súas relacións debido a infraestruturas da AP9, o aeroporto, o ferrocarril ou mesmo a universidade laboral, condicionando tamén á división por distritos prevista no Plan, a estrutura viaria que condiciona sobremaneira pero que non permite acceder a elas facilmente fóra do municipio, non axudando ademais a resolver os problemas de mobilidade que ten o Concello, xerando tamén problemas medioambientais polo ruído de vehículos e aeronaves; que se detecta tamén carencia de infraestruturas sanitarias no rural xa que o consultorio médico de Tarrío é insuficiente para dar servizo rural, onde se atopa a poboación máis envellecida do Concello, detectándose tamén problemas de mobilidade peonil e de trazado viario; apréciase tamén



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

C.I.F. P-1503100-H

a necesidade de construír a rede de centros asistenciais parroquiais aumentando o seu tamaño e en xeral, todas as parroquias dispoñen de cemiterio municipal agás a do Burgo que o ten fóra dos límites do Concello de Culleredo, crendo non obstante necesario dispoñer dun cemiterio público dado que algún dos existentes atópase saturado e sen posibilidade de ampliacións futuras e debe dar resposta a outras posibilidades xurdidas na sociedade actual; que aínda que o Concello non é un municipio turístico como se poden coñecer de uso de sol e praia, entende que ten outros valores medioambientais de natureza, paisaxe, arquitectura popular, castros, etc., que se poderían potenciar e poñer en valor, podéndose converter o Concello de Culleredo nun foco de atracción de actividades medioambientais, de natureza, paisaxística, potenciándose de paso as infraestruturas turísticas e de hospedaxe; que no referente a equipamentos deportivos no rural o Concello está ben dotado xa que dispón, ben como propietario ou a través de convenios, de 3 campos de fútbol, 2 polideportivas cubertas e pechadas no rural, 2 polideportivas cubertas e 7 polideportivas descubertas, 5 canchas de tenis, aínda que consideran necesario seguir cubrindo algunhas pistas polideportivas máis dada a súa función múltiple para a realización de eventos nas parroquias do Concello e dado o clima que hai no municipio; que na zona urbana dispónse de 4 campos de fútbol, ben en propiedade e con convenios, 3 deles con moi boas instalacións e 1 que sería necesario realizar obras importantes, dispoñendo de 5 polideportivos cubertos e pechados e 2 polideportivas cubertas e 12 descubertas, podendo mellorarse os servizos cubrindo algunha delas na zona da ría; que en xeral non se aprecian carencias significativas no número de instalacións aínda que consideran necesario realizar obras de mellora; na zona rural hai 21 parques infantís, bastantes, de bo tamaño e bo mantemento, sendo necesario nalgúns deles aumentar o seu tamaño e incorporar elementos para nenos de 0 a 3 anos e para nenos con discapacidade funcional; que a zona urbana dispón de 29 parques infantís, todos eles de tamaño regulamentario e bo mantemento, sendo necesario tamén nalgúns casos mellorar e incrementar, sendo onde máis se aprecia a insuficiencia de equipamento para a terceira idade en parques biosaudables xa que só se dispón de 4, considerando imprescindible aumentar ese número; en canto a equipamentos sociais, na zona rural existen 12 equipamentos, 10 públicos e 2 privados, sendo necesario crear alomenos 1 máis e aumentar o tamaño dalgúns deles; que con respecto ás zonas verdes e como consecuencia do desenvolvemento do plan xeral vixente a ratio de metros cadrados de zonas verdes por habitante está por riba dos 15 m2 por habitante, xa que se superan os 500.000 m2, podéndose ampliar algunhas delas a través do novo plan e incrementarse a través dalgunha das actuacións que se propoñen; que no referente ao viario municipal, que ten unha lonxitude de preto de 200 kilómetros, en xeral atópase con bo firme pero hai algún caso en que se atopa de maneira irregular sendo necesario aumentar o ancho e a seguridade nalgúns puntos, dispoñendo de beirarrúas na meirande parte da zona urbana e, en menor medida, na zona rural; que non obstante, a pesar de todos os servizos relacionados considera que hai que seguir prestando e executando sendo o Plan Xeral vixente de antigüidade superior a 30 anos, obsoleto e que xera problemas á hora de intentar atraer ao Concello equipamentos tanto sanitarios como deportivos ou docentes que hai que solucionar coa correspondente redacción de plans especiais que acarrean moito traballo e excesiva burocracia, facendo que sacar adiante o novo Plan Xeral sexa fundamental para conseguir liñas programáticas no Concello, polo que no que se refire á necesidade de publicar recollida nas mocións presentadas na sesión referentes a cambios sustanciais que, desde o momento da aprobación inicial, en xaneiro de 2013, ata o momento da aprobación provisional, son as que levan a unha aplicación para facer esa publicación e someter o documento a un novo periodo de alegacións, atopándose neste momento en que o equipo redactor xa entregou toda a documentación no Concello no análise por parte dos técnicos municipais e concretamente da Sra. Secretaria, que ten que considerar que toda a documentación cumpre xuridicamente e normativamente co establecido, o Sr. arquitecto municipal, que ten que considerar que o documento cumpre tecnicamente coa normativa e a Sra. Interventora municipal, quen ten que emitir informe para establecer a viabilidade económica do documento, sendo evidente que se en calquera dos informes que emitan os técnicos municipais se pon de manifesto que se produciron as modificacións sustanciais referidas na proposta, o documento terá que expoñerse novamente ao público e someterse a un novo periodo de alegacións pero se os técnicos municipais entenden que non hai modificacións sustanciais a dita exposición non será preceptiva legalmente; que no caso de obter dos técnicos municipais informes todos eles favorables o seguinte paso será traer a documentación ao Pleno para facer a aprobación provisional, non definitiva porque o Concello non ten capacidade para aprobar o Plan definitivamente, correspondéndolle á Xunta de Galicia e que, no momento en que se conte con todos os informes que se están elaborando poñerase a documentación a disposición de todos e todas para poder estudar e debater a mesma previamente a súa aprobación provisional, xa que ao tratarse dun punto de acordo plenario, cando o documento estea todo completado e se teñan os informes dos técnicos municipais, esa documentación estará a dispor de todo o mundo, polo que hai que falar de dous tipos de publicidade, unha a que se fai coa publicación regulamentaria nos Diarios oficiais e outra a que se fai no momento en que se leva ao Pleno xa que cando se leva un acordo ao Pleno, a documentación é de disposición pública, remitíndoa



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

con posterioridade á Consellería de Urbanismo da Xunta de Galicia, que é o órgano competente para facer a aprobación definitiva, sendo moi frecuente que a Xunta de Galicia lle devolva ao Concello a documentación solicitándolle imlemente unha serie de cambios co cal o documento aínda é un documento vivo e suxeito a moitas modificacións feitas as cales se someterá novamente a aprobación provisional para poder enviala á Consellería de Urbanismo e proceda entón a súa aprobación definitiva.

A continuación a Presidencia abre un segundo turno de intervencións solicitando o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que considera que o inventario feito polo Sr. Taibo Monelos non entra na cuestión que se está debatindo xa que nin os veciños nin os concelleiros que traen a proposta entran no fondo do PXOM senón que se limitan a dicir que consideran que hai indicios suficientes para considerar que os cambios son significativos e que non se lles respondeu á cuestión máis trascendental que se trae coa proposta que é que o propio documento marco para a elaboración do PXOM que determina a Consellería de Medio Ambiente di que no caso de que as alegacións ou comentarios recibidos no período de consultas impliquen modificacións significativas da versión primeira do planeamento deberán estudar os efectos da nova proposta de sustentabilidade e someterse o documento a un novo período de participación e consultas; que eles fixeron unha petición xenérica de exposición pública, unha exposición transparente, podendo incluso analizar como concretar esa exposición pero o equipo de goberno vaise polas ramas sen aceptar debatir sobre este tema; que quere resaltar dúas cuestións que xa saíron en debates de puntos anteriores e que o goberno confunde o marco legal coma se fora unha restrición única e imponderable e que facer unha nova exposición pública non vai contra o marco legal, que iría contra o marco legal suprimir a exposición pública preceptiva pero non facer unha segunda exposición pública, tratándose de que o plan sexa participativo non debendo confundirse o marco legal co marco social; un plan no que se recolle como se vai vivir nun concello de 30000 habitantes ou calquera outro tamaño ten que ser con consenso social e ten que ser con acordo; que do informe da Consellería de Medio Ambiente se extraen indicios suficientes para ver que houbo modificacións profundas e de gran importancia, e que seguramente o que afecta a un sector non afecta a outro e que o informe sectorial emitido por Fomento afecta a algúns veciños que puidera ser que non presentaran alegacións porque consideraron que á vista de documento inicial non resultaba afectado e que agora, á vista das indicacións dadas por Fomento ou Patrimonio, ou Augas de Galicia, etc., estiman que si quixeran presentar algunha alegación, indicios suficientes para apreciar profundidade e transcendencia e significancia nos cambios e que iso é no que consiste a proposta, non en se o Plan se ten que redactar dunha forma ou doutra que sería obxecto doutro debate, tratándose neste momento de debatir o procedemento, a transparencia do Plan, dado que existe unha diferenza significativa que esixe un novo período de ensinar o planeamento ao público e que todo o mundo poida revisar e ver como se transformou desde a aprobación inicial no 2013, insistindo na necesidade de aprobación da proposta presentada que recolle a iniciativa veciñal.

Deseguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que antes de comezar a súa intervención quere aclarar un comentario do Sr. Taibo Monelos que considera importante para continuar co debate xa que o Sr. Taibo Monelos rematou a súa intervención dicindo que cando vai a Pleno queda a disposición pública entendendo a Sra. Ferreiro que isto non é certo pois do contrario xa non sería necesaria a exposición pública que se solicita.

Intervén o Sr. alcalde solicitando a intervención da Sra. Secretaria municipal para informar verbo do sinalado polo Sr. Taibo Monelos.

A continuación, de orde do Sr. alcalde, intervén a Sra. Secretaria municipal e di que con arranxo á normativa vixente, todos os membros da Corporación teñen acceso a toda a documentación relativa aos asuntos que se inclúen na orde do día dunha convocatoria, non podendo considerarse isto información pública dado o deber dos membros da Corporación de gardar reserva de todos os asuntos que coñezan ata o momento que se adopten os respectivos acordos, sendo unha cuestión distinta se a Corporación, convocada una sesión plenaria, con carácter previo ao sometemento dun asunto nela quixera dar algún tipo de publicidade o que ao seu criterio, non está prohibido expresamente pola normativa vixente.

A continuación retoma a súa intervención a Sra. Ferreiro Varela e di que aos concelleiros propoñentes da moción lles valería se se chegara ao acordo de facer unha exposición pública antes da aprobación provisional, solicitando o compromiso do Sr. alcalde, quen responde que non procede na sesión facer o dito compromiso.

Continúa a Sra. Ferreiro Varela invitando ao Sr. Alcalde a que adopte o dito compromiso e aproveite a presenza de todos os veciños e veciñas presentes no Salón de Plenos e de todos os que desde as súas casas están agardando pola dita exposición.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non se trata nesta sesión de comprometerse a facer dita exposición pública, dirixíndose á Sra. Ferreiro para dicirlle que se ela avoga por facer un lucemento persoal diante da veciñanza, a súa forma de goberno avoga pola responsabilidade e lle recorda que ela foi membro do goberno municipal e parte activa do mesmo durante máis de 20 anos e votou a favor de todo o que agora se está debatindo, cambiando agora o sentido do voto ao cambiar de partido político, tendo levantado a man como os seus compañeiros cando era tenente de alcalde a favor da aprobación do plan en todas as ocasións en que o anterior alcalde trouxo ao Pleno o Plan Xeral que se está a debater; que hai varias cuestións que en boa lóxica teñen que informar os técnicos municipais e a el lle corresponde agardar a que se emitan os ditos informes para poder posicionarse ao respecto, procedendo a facer a exposición que se solicita se os devanditos técnicos municipais así llo esixen, non podendo el comprometerse a algo que é competencia do Pleno aprobar porque os acordos hai que acadalos por maioría, simple ou absoluta, e para poder acceder ao solicitado tería que facerse unha emenda á moción e proceder a súa votación, solicitando da sra. concelleira que atenda ao regulamento e non tome a lixeira algo de suma importancia para os veciños e veciñas de Culleredo; que se os técnicos lle din que ten que facer a exposición pública a fará e en caso contrario os distintos grupos, en virtude da obriga de transparencia e coas cautelas correspondentes pola protección de datos, poderán informar do que sexa posible, pero sempre desde a responsabilidade que atañe a todos os membros dunha Corporación; que podería agora incorporar todas as peticións veciñais e facer un populismo total quedando moi ben con toda a veciñanza pero cando chegasen as peticións a Xunta esta lle daría para atrás e recorda que moitas das modificacións feitas ao Plan foron esixidas pola Xunta e non dependeron da súa vontade, debendo acatar o solicitado por dito organismo con independencia de que os cambios esixidos foran ou non do seu agrado; que o mesmo caso se deu no Concello de Oleiros cando o alcalde se viu na mesma situación na que agora se atopa Culleredo e puido sacar adiante o Plan Xeral grazas ao apoio do grupo socialista, dicíndolle a Sra. Ferreiro que deixa ver moi pouco interese en que se aprobe o Plan porque ela vive na Coruña e ten alí as súas propiedades, procedendo a continuación a ler un texto que di é do alcalde de Oleiros e que textualmente di:

"Los dos grupos, Alternativa dos Veciños e socialistas se unieron frente a las reivindicaciones del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego que coincidieron en exigir la exposición pública del documento y el posterior plazo de alegaciones ciudadanas al entender que las modificaciones introducidas en el texto son de carácter sustancial"

Continúa dicindo que esos indicios son os que din que hai e que considera que son os técnicos municipais, habilitados nacionais, a secretaria e a interventora e máis un funcionario municipal como é o arquitecto, os que teñen que dicir se os hai e emitir o informe, e non vir ao Pleno a facer unha actuación estelar para lucirse cos veciños e que xa no Concello de Oleiros tanto o goberno como o PSOE acordaron rexeitar esa exposición entendendo que os informes técnicos avalaban esa decisión e García Seoane, non obstante, recoñeceu que a alternativa proposta por populares e nacionalistas non faría máis que retrasar a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, xa que o dito alcalde considerou que publicar o plan sería voltar ao ano 2002; que quizáis a Sra. Ferreiro queira voltar ao ano 1987, pero que el non quere voltar a esta data senón que a súa intención é esperar a que os habilitados nacionais se pronuncien e se lle din que o Plan non cumpre e que ten cambios sustanciais, que as alegacións que se presentaron e os informes sectoriais o cambiaron sustancialmente, vai ser o primeiro en querer facer unha nova exposición pública, pero se os ditos funcionarios e os técnicos dos distintos organismos que deban emitir informe o desaconsellan e emiten informes favorables, el vai seguir adiante co devandito plan, pero non pode só, tendo a oportunidade a oposición de votar en contra no pleno no que se traía a aprobación provisional; que esta moción ven a destempo e el non pode decidir unilateralmente se aproba ou non o que a sra. Concelleira lle propuxo porque os compañeiros de goberno teñen tamén a opción de opinar, debatir e consensuar; que escoitou pacientemente todas as súas intervencións pero dubida moito que un concelleiro que non vive no Concello de Culleredo, que hai uns anos aprobou a favor todos os trámites para chegar ata aquí e agora o vota en contra teña a lexitimidade para opinar acerca do futuro dos veciños e veciñas.

A continuación solicita de novo o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que lle parece unha pena que para contestarlle aos veciños de Culleredo teña que facer uso dun texto dun alcalde doutro Concello e que ademáis se lle achague que durma na Coruña cando a concelleira Carmen Varela leva 20 anos durmindo no Concello de Oleiros e o concelleiro Taibo Monelos en Cambre, asuntos que a ela non lle importan en absoluto pero si lle sorprende que o alcalde saque a relucir como un defecto onde durme ela xa que considera que non lle importa nin onde durme nin con quen, pero independentemente disto quere referirse ao comentario feito sobre que non ten capacidade para unha nova



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

exposición pública porque ela pensa que isto é unha decisión política, un xesto de vontade política pois se os informes dixeran que é obrigatoria unha nova exposición xa non sería vontade senón obriga e do que se está a falar e que agora, neste momento, se lles dea información aos veciños por vontade política, e non por lei como sería caso de que os informes así o establecesen; que o concelleiro de Urbanismo, que vive en Cambre, non contestou para nada ao preguntado nesta moción, que os convenios urbanísticos se esconden e que non sabe que cambios pode haber pero o feito de que se esconda algo xa fai que se sospeite e que, tal como apuntou o concelleiro de Cidadáns o Plan é para todos e non para veciños en concreto pero o que non pode ser é que se faga para un só, en función de intereses propios e non en función do interese xeral; que o informe da Xunta xa deixa claro que hai que cambiar moitas cousas; que como ben dixo o Sr. alcalde, ela aprobou o Plan no 2013 e ese plan se expuso e non ten nada que ver co que se enviou á Xunta, motivo este polo que os veciños teñen medo, medo a que o Plan que viron, no 2013, o que ela aprobou, e sobre o que non fixeron alegacións, non teña nada que ver co remitido á Xunta; que é certo que ela non ten intereses urbanísticos, nin os máis mínimos, pero si ten interese en defender os da xente que lle votou e tamén os da outra xente que estea interesada aínda que non lle tivera votado; que só pretende que faga uso da transparencia da que falou cando colleu o mando e que amose o Plan e que non é excusa para non amosalo dicir que se vai retrasar 5 anos porque ela supón que non estará tan mal para que teña que sufrir semellante retraso e que desta forma si se vai retrasar cando algún veciño ou algún colectivo denuncie o dito Plan como pasou no Concello de Abegondo.

Intervén o Sr. alcalde-presidente dicindo que dentro de moi pouco vaise saber respecto do Plan Xeral do Concello de Culleredo si se sostén o que a Sra. Ferreiro Varela ven de dicir, porque este non é o Concello de Abegondo, que facía diferentes modificacións puntuais para facer urbanizacións en zonas onde non se podía; que puidera ser que teña defectos pero non que non se lle dera publicidade suficiente porque houbo todo un mes para ver o documento cando xa estaba na Xunta, co anterior alcalde e o mesmo concelleiro de Urbanismo que está agora; que esta moción ven a destempo porque non tiveron a paciencia suficiente para esperar o que digan os técnicos municipais que vai ser o que lle afecte aos veciños e veciñas, polo que se podería emendar a proposta no sentido de que no momento en que se teñan todos os informes dos técnicos municipais se determinará se unha nova exposición pública é ou non necesaria, e que non se trata de vontade política como lle dixo a Sra. Ferreiro senón de responsabilidade política a risco de que neste momento todos os temas que se están a abordar referentes ao Plan Xeral poida supoñer unha volta nas urnas; que se se abre un novo periodo de alegacións supón a obriga de pedir novos informes subsidiarios e iniciar o procedemento desde cero, supoñendo un retraso enorme na aprobación do Plan cando neste momento o Concello conta con todos os informes emitidos durante estes 20 anos das diferentes administracións favorables, polo que este goberno, por responsabilidade, non o vai facer agás que os técnicos municipais non informen favorablemente.

Neste intre intervén a Sra. Ferreiro Varela dicindo que vai facer unha oferta xenerosa que é que se faga a exposición pública durante un mes sen alegacións, respondendo o Sr. alcalde que legalmente iso non é posible polo que eles neste momento non poden aceptar esta proposta por simple xesto de responsabilidade política.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que para ser pragmáticos non se pode dicir que esta moción ven a destempo cando se tiña previsto aprobar o plan a finais do 2017 e aínda estamos no punto en que estamos, solicitando aclaración sobre se sería posible dar certa información a toda a veciñanza de certas partes do planeamento no momento en que se poña a disposición dos membros da Corporación a documentación do Plan previamente á aprobación provisional no Pleno, respondendo o Sr. alcalde que non existe esa posibilidade e que deben gardar sxiilo respecto dos asuntos que coñezan no exercicio do seu cargo.

Rematadas as intervencións, o Sr. alcalde somete a votación ordinaria a moción de Alternativa dos Veciños de data 23 de febreiro de 2018, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove), dos sres/as: Cañas Varela, Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 9 (nove), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Abstencións: 3 (tres), dos sres/as: Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación, ao terse producido empate, a Presidencia somete a segunda votación ordinaria a moción, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove), dos sres/as: Cañás Varela, Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 9 (nove), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Abstencións: 3 (tres), dos sres/as: Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Ao persistir o empate decide o voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, emitido en contra da moción, polo que esta non resulta aprobada.

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA. PROPOSTA DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS. DONA ALICIA FERREIRO VARELA, DO CONCELLEIRO DON ENRIQUE ANTÓN CHOUCIÑO GARRIDO E DA CONCELLEIRA DONA VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS SOBRE NOVA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PXOM E CONTESTACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposta de data 22 de marzo de 2018, relativa a nova exposición pública do PXOM e contestación das alegacións presentadas, que é ratificada por unanimidade.

Seguidamente, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, dona Alicia Ferreiro Varela, do concelleiro don Enrique Antón Chouciño Garrido e da concelleira dona Verónica Rivadulla Deschamps, de data 22 de marzo de 2018, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove), dos sres/as: Cañás Varela, Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 9 (nove), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Abstencións: 3 (tres), dos sres/as: Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación, ao terse producido empate, a Presidencia somete a segunda votación ordinaria a proposta, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove), dos sres/as: Cañás Varela, Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 9 (nove), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

Abstencións: 3 (tres), dos sres/as: Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Ao persistir o empate decide o voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, emitido en contra da proposta, polo que esta non resulta aprobada.

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA. MOCIÓN DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS RELATIVA A SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS TERREOS DE MONTE COSTA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA AO CONCELLO DE CULLEREDO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo municipal Alternativa dos Veciños de data 16/03/2018, relativa á solicitude do cambio de titularidade dos terreos do Monte Costa da Deputación da Coruña ao Concello de Culleredo, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"Dona Alicia Ferreiro Varela, voceira do Grupo municipal de Alternativa dos Veciños de Culleredo, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico Municipal (ROM) do Concello de Culleredo, ven a formular para a súa aprobación polo Pleno municipal a seguinte moción, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Deputación provincial de A Coruña é propietaria de 267434 m2 de terreos situados na parroquia de Culleredo, na zona coñecida como Monte Costa.

No ano 1991, parte destes terreos xa foran cedidos temporalmente ao Concello de Culleredo para destinados a usos culturais, recreativos, deportivos e turísticos. A cesión non foi aproveitada en ningún momento por parte do Concello para os citados fins, converténdose desta forma a zona nun auténtico vertedorio de cascallos e residuos de todo tipo.

Os terreos de Monte Costa son sen dúbida un lugar ideal para a creación dun parque natural que poida albergar tanto instalacións deportivas, como culturais e recreativas, que revitalicen a actividade no Concello de Culleredo. As veciñas e veciños do municipio teñen dereito a que esta zona de titularidade pública sexa aproveitada dun xeito sostible a nivel medioambiental para fins que redunden en beneficio de todas e todos.

Por todo o exposto, o Grupo municipal de Alternativa dos Veciños de Culleredo somete a consideración do Pleno a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

1. Solicitar da Deputación provincial da Coruña a cesión gratuita, en propiedade, ao Concello de Culleredo dos terreos do Monte Costa de 267.434 m2, situados na parroquia do mesmo nome para dedicalos a parque público natural con instalacións deportivas e culturais."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que está de acordo con esta proposta porque todo o que redunde en mellorar as zonas de esparcemento dos veciños de Culleredo lle parece



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

ben pero quizáis sería oportuno solicitar un informe técnico e económico relativo ao custo que suporía para o Concello recibir eses terreos e acondicionálos para destinalos como ben di a moción a parque público natural con instalacións deportivas e culturais.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que despois de reler esta proposta, botan en falla información ao respecto e que seguramente a Sra. Ferreiro Varela, debido a que foi membro do grupo de goberno nunha etapa anterior, non caia na conta de que coñece cousas deste tema que pensa que todos coñecen pero non é así, xa que non saben a delimitación exacta da parcela da que lles fala e non coñecían a situación desa cesión temporal restrinxida a eses usos da que se lles fala, descoñecendo se nalgún momento houbo algún proxecto para desenvolver e como rematou; que o que si saben é que aquí ao carón teñen un cráter aberto nun monte, do que foi aparentemente unha canteira, e da que inexplicablemente non se produciu á restitución ambiental, outro caso máis, posto que recentemente tiveron o caso da canteira de Sésamo, no que foi o bng quen solicitou ao goberno municipal que demandara do Ministerio de Formento que exercera sobre as empresas que retiraron o material da canteira, a restitución ambiental desta, tal como obriga a Lei de Minas e se neste caso de Sésamo actuaban en tempo presente, de feito foi demandado por unha asociación de xestores de verquidos autorizados porque seica estaba sendo usada esa canteira como vertedoiro de residuos de obra, no caso que nos trae non tiveron a oportunidade de revisar o tema posto que a intensa actualidade de cuestións susceptibles de fiscalizar, tal como lles corresponde á oposición, á que os leva a xestión do goberno municipal, impídelles que poidan facer "arqueoloxía" dos expedientes; que teñen constancia tamén de denuncias e pleitos sobre os verquidos de lixo nese entorno, pero o que non saben é o volume do lixo que se chegou a depositar e as súas características así como se en realidade houbo retirada ou non, e que di todo iso porque aceptar unha propiedade con esas posibles cargas, entende que non sería de recibo pois do que se trata é de incrementar o patrimonio público e non de enchelo de cargas e por tanto de mengualo, preguntando se non se debera reclamar da Deputación que se fixera cargo de reclamar a quen corresponda a recuperación ambiental dese espazo; que considera que a intención é boa, pero debe ser avaliada con prudencia, mesmo pregaría que se deixara o asunto enriba da mesa e que se lle pida ao Sr. Alcalde que se solicite un informe sobre o estado desa parcela, o interese para o patrimonio municipal, as cargas que trae e as que deberan demandarse da Deputación como administración, aparentemente competente para a súa restitución ambiental.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que se debería facer un pouco de memoria para analizar como se chegou á situación actual do Monte Costa e comezar polo principio, sendo o 13 de setembro de 1991 cando o Pleno do Concello acordou instar á Deputación da Coruña a cesión gratuíta dos terreos para poder executar un proxecto seleccionado no concurso de ideas feito en colaboración co colexio de arquitectos, e na sesión plenaria de data 14 de abril de 1992 do Concello de Culleredo esta petición modifícase xa que se consideraba, entre outros motivos, que a cesión nos termos formulados pola Deputación non satisfacían os intereses do Concello ao ser excesivamente exíguo o prazo de cesión ao ser menos de 30 anos; que o Concello tería que acudir con toda probabilidade a convenios con empresas para poder facer as obras de acondicionamento así como acudir a concesión da explotación e solicitábase que se estudase a posibilidade da cesión en pleno dominio e non se condicionase a cesión aos usos contemplados no proxecto do concurso de ideas xa que non levaba aparelado o proxecto de execución e comprometíase o Concello a facer as obras de acondicionamento para as instalacións deportivas a ubicar nos terreos; que posteriormente, o 28 de maio de 1992 o alcalde do Concello de Culleredo dirixe un escrito á Deputación sinalando que ante a imposibilidade da cesión do dominio se aceptaba a posibilidade de ampliación do período de cesión, que serían 50 anos, solicitando que non se limitara a cesión en canto á posibilidade de concesión sobre dita cesión; que os usos aos que se destinara a parcela serían de tipo deportivo, cultural, recreativo, e turístico-camping e que unha vez tramitado o expediente o Pleno da Deputación na súa sesión de data 25 de setembro de 1992 acordou ceder os terreos do Monte Costa para cumprir as finalidades antes indicadas; que o Pleno do Concello de Culleredo en data 13 de outubro de 1992 acordou aprobar a cesión nos termos establecidos pola Deputación e o 10 de novembro de 1992 acordou convocar un concurso público para a adxudicación da explotación dos terreos do Monte Costa, aprobándose o correspondente prego de condicións, adxudicando o 30 de marzo de 1993 a concesión á entidade mercantil Club de Campo La Garrocha SA, formalizándose a concesión o 28 de maio de 1993 e o 30 de abril de 1999 o Pleno do Concello de Culleredo acordou resolver a concesión por quebra da entidade adxudicataria; que posteriormente, e segundo certificacións expedidas polo Secretario da Deputación da Coruña o Pleno da Deputación en data 24 de febreiro de 2012 ratificou o acordo de cesión de uso do Monte Costa e en data 20 de xuño de 2012 aprobouse polo Pleno da Deputación provincial da Coruña a aprobación definitiva da ratificación do acordo de cesión de uso dos terreos do Monte Costa; que con posterioridade, con data 30 de novembro de 2016 o Concello de Culleredo remitiu un escrito á



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

Deputación da Coruña no cal indicaba, entre outros, que nos últimos tres anos os terreos do Monte Costa non estiveron e continúan sen estar a disposición do Concello de Culleredo polas obras neles executadas por mor da ampliación do aeroporto e polas que a Deputación obtivo a correspondente compensación económica; que se se ten en conta a cesión gratuita da propiedade dos terreos do Monte Costa como mínimo suporía ter que afrontar unha serie de gastos como facer fronte ao pagamento dos tributos así como os gastos de urbanización dos terreos, dende a Marea Veciñal entenden que solicitar nestes momentos a cesión en propiedade dos terreos do Monte Costa suporía un sobrecusto moi elevado para as arcas do Concello que prexudicaría sobremaneira á veciñanza deste Concello xa que tería que adicar todos os seus esforzos para o acondicionamento destes terreos; que é por iso polo que queren propoñer unha modificación ao texto desta moción, unha emenda, que diga o seguinte:

"Solicitar á Deputación da Coruña a firma dun convenio para a urbanización nun período de 5 anos dos terreos do Monte Costa de acordo cos usos establecidos para a súa cesión ao Concello e unha vez rematadas as obras de urbanización a cesión gratuita en propiedade dos terreos e edificacións do Monte Costa".

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o Concello de Culleredo ten a cesión de uso destes terreos pola ratificación dun acordo plenario da Deputación, ratificado en data 24 de febreiro de 2012 despois de que xa no ano 1992 se fixera unha primeira cesión de uso, seguindo a ser a propiedade a Deputación da Coruña sendo mostra de todo iso que cando se fixo a ampliación do aeroporto de Alvedro utilizáronse terreos para a dita ampliación previa resolución do entón presidente da Deputación don Diego Calvo en data 10 de maio do ano 2013; que naquel momento a Deputación aprobou o proxecto de desmonte e tamén o proxecto de restauración do Monte Costa presentado pola UTE Alvedro-Aeroporto e se fixo a venda de materiais para a ampliación do aeroporto, co cual están de acordo no fondo da moción pero non é conveniente aceptar unha vivenda cunha carga polo que solicitan que antes de que se faga a cesión, como ocorre na meirante parte dos casos en que se ceden patrimonios ou viarios, pola Deputación se asuma o custo de adecuación de terreos aos usos públicos aos que se van adicar os mesmos pois do contrario suporía un custo demasiado oneroso para os veciños, co cal propoñen que a dita moción se lle engada a emenda no seguinte sentido:

"Sempre e cando a Deputación provincial asuma previamente o custo de adecuación dos terreos aos usos públicos aos que se han adicar os mesmos."

Deseguido solicita o uso da palabra a vocería do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela, dicindo que a emenda do equipo de goberno lle parece perfecto e cubre a carencia da moción presentada, polo que se podería incorporar e votar a proposta coa emenda presentada polo equipo de goberno

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de Alternativa dos Veciños de data 16 de marzo de 2018, coa emenda proposta polo grupo do PSdeG-PSOE, que resulta aprobada por unanimidade polo que devén en acordo quedando redactada a súa parte resolutiva nos seguintes termos:

Solicitar da Deputación provincial da Coruña a cesión gratuita, en propiedade, ao Concello de Culleredo dos terreos do Monte Costa de 267.434 m2, situados na parroquia do mesmo nome para dedicalos a parque público natural con instalacións deportivas e culturais, sempre e cando a Deputación provincial asuma previamente o custo de adecuación dos terreos aos usos públicos aos que se han adicar os mesmos."

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA. MOCIÓN DE CIDADÁNS RELATIVA Á IMPRANTACIÓN DUN PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA QUE RECOLLA APORTACIÓNS DA CIDADANÍA AO NOVO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA XUNTA DE GALICIA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do concelleiro de Cidadáns, de data 21 de marzo de 2018, relativa á imprantación dun proceso de participación



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

pública que recolla aportacións da cidadanía ao novo plan de transporte metropolitano da Xunta de Galicia, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"D. Jesús Manuel Vázquez Lozano, Concelleiro Portavoz do Grupo Municipal Ciudadanos-Partido da Cidadanía (incluído no grupo mixto), ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte:

MOCIÓN PARA A IMPRANTACIÓN DUN PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA QUE RECOLLA APORTACIÓNS DA CIDADANÍA AO NOVO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA XUNTA DE GALICIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En 2009 o PP, coa abstención do PSOE, aprobou no Parlamento de Galicia unha lei urxente pola que renovou dez anos preto de 150 concesións de transporte público por estrada, moitas das cales estaban a piques de caducar. Apenas uns meses despois da entrada en vigor da resolución que concretaba as prórrogas, en abril de 2010, a Comisión Nacional da Competencia advertía de que estudaba demandar á Xunta de Galicia por incumplir o Regulamento Comunitario.

A CNC formulou un requirimento formal ante a Consellería, que esta rexeitou por "falta de lexitimación". Acto seguido, recorreu a resolución da Xunta ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que lle deu a razón ao Goberno galego en maio de 2012. No entanto, Competencia seguiu camiño pola vía da casación ante o Tribunal Supremo, que nunha sentenza ditada en Marzo de 2016 tomba 129 desas prórrogas argumentando que se trataba dunha decisión contraria á normativa europea.

A Xunta está polo tanto obrigada agora a volver adxudicar a maioría das concesións, un proceso que o Goberno galego vén demorando ao tempo e que deberíase de aproveitar para reestruturar boa parte das liñas, deseñadas en diferentes momentos do século XX, para adaptalas ás realidades demográficas actuais.

Hoxe en día, liñas de 200 quilómetros de lonxitude conviven con outras de tan só unha ducia, do mesmo xeito que se atopan liñas que parten de aldeas xa case despoboadas ou cruzamentos de estradas en metade da nada onde en teoría deberían enlazar con outras concesións paero que na práctica carecen de coordinación. A reorganización das liñas deberá plasmarse nun plan que a Xunta deberá ter en funcionamento en 2019.

O pasado 16 de Febreiro, a Consellería de Infraestruturas comezaba cos estudos da segunda fase do Plan de Transporte, que inician o procedemento para sacar a licitación no 2019, as concesións de transporte por estrada para os vindeiros 10 anos. Ven sendo hora, polo tanto, de que o Concello de Culleredo informe dos plans e a información que a Xunta de Galicia lle trasladou respecto das modificacións que van sufrir as liñas de autobús que fan servizo no Concello.

Co gallo de promover a transparencia da actividade pública e posto que a reordenación do mapa de rutas de autobús non é un tema menor para os nosos conveciños, o Concello de Culleredo debería achegar nun prazo breve de tempo as súas propostas á Xunta de Galicia, recolléndose as aportacións que poidan facer os técnicos municipais, grupos políticos e a cidadanía en xeral.

POLO EXPOSTO:

- Instamos a que o Concello de Culleredo abra un proceso de participación público de carácter municipal, onde se recollan as demandas e necesidades de transporte dos usuarios e a cidadanía en xeral.
- Solicitamos que se expoñan publicamente e se faciliten a esta Corporación, as achegas que dende o Concello de Culleredo se fagan ao novo mapa de rutas dentro da tramitación da segunda fase do Plan de "Transporte de Galicia."

(neste intre auséntase do salón de sesións a concelleira dona Marta Figueroa Fuentes)



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

(incorpórase ao salón de sesións a concelleira dona Marta Figueroa Fuentes)

A continuación intervéñen o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, dicindo que na Mesa de Alcaldes que tivo lugar no Concello da Coruña fai 15 días tratouse especificamente este tema e acordouse que se ía tratar de estudar xuridicamente a creación dun Consorcio metropolitano de transportes; que hai un estudo exhaustivo das frecuencias e do número de usuarios que se fixo por parte do Concello da Coruña e que tan pronto como llo fagan chegar en formato dixital non teñen inconveniente ningún en facilitalo; que na dita reunión estaban o alcalde de Oleiros, Bergondo, Betanzos, Sada, A Coruña, Cambre e Culleredo, e acordaron tamén facer un estudo exhaustivo das diferentes frecuencias, liñas, etc que hai en cada un dos concellos que están tratando de conformar ese consorcio metropolitano co cal, independentemente de que están de acordo coa moción, suxire que esa primeira instancia de abrir un proceso de participación pública podería facerse en consonancia co procedemento que se vai facer por parte dos alcaldes da área metropolitana e se dito consenso non se levara a cabo faríase individualmente polo Concello de Culleredo.

Deseguido intervéñen novamente o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano, dicindo que se non entendeu mal o que se quixo dicir foi que na próxima reunión cos diferentes alcaldes vaise propoñer que se expoña publicamente tamén nos demais concellos.

Intervén o Sr. alcalde para aclarar que o que se vai facer desde os diferentes concellos que van tratar de conformar o Consorcio é facer un estudo das características que indica a moción que se somete a aprobación, non parecéndolle oportuno duplicar as actuacións, independentemente de que están a favor de votar esta moción sen nin sequera emendala.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada, resultando aprobada por unanimidade polo que devén en acordo nos termos transcritos.

7.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA. MOCIÓN DE CIDADÁNS RELATIVA Á NECESIDADE DE APLICAR MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción de Cidadáns, de data 20 de outubro de 2018, relativa á necesidade de aplicar medidas de prevención de incendios, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"El abandono del medio rural y el envejecimiento de la población gallega, el monocultivo de eucaliptos, la falta de ordenación y gestión forestal sostenibles, la falta de prevención en incendios, el desorden territorial hacen que los montes gallegos sean pastos de las llamas y que cada vez se ponga en mayor riesgo viviendas y vidas humanas.

Los incendios en Galicia son un problema permanente, difícil y complejo. Los graves hechos sucedidos este mismo mes hacen que sea un tema candente y que nos hace reflexionar sobre la necesidad de revisar la política forestal actual. Pero este problema no es de ahora es un problema de siempre. Han pasado varios gobiernos por la Xunta y los incendios siempre se han producido. De hecho 2006 pasará a la historia como uno de los peores años para el monte gallego, cuando gobernaba el bipartito de BNG y PSOE en la Xunta. En aquel año, el que hoy es el presidente de la Xunta Alberto Núñez Feijoo estando en la oposición delaraba que los incendios se debían a la imprevisión, indolencia e irresponsabilidad del bipartito. Hoy, once años después no han cambiado las tornas. Se repite exactamente la misma historia, y casi las mismas palabras en boca de la oposición.

La ausencia de políticas adecuadas en materia territorial, agraria y forestal han agravado el problema de los incendios. El monte sigue sin ser una prioridad presupuestaria en lo que se refiere a la prevención y extinción de incendios. De hecho, el 1 de octubre la

24 de 46



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

Xunta despedía a 436 brigadistas contratados en verano. Una política eficaz de prevención y extinción de incendios no puede constar de una plantilla de brigadistas que trabajan en precario.

La tentación más inmediata es criticar la existencia de plantaciones de eucaliptos y reclamar el fomento de árboles frondosos. Ciertamente es una actuación necesaria pero lo es más afrontar una profunda transformación del medio rural gallego y para ello se debe desarrollar una estrategia de actuación real y valiente.

Desde Ciudadanos reivindicamos la revisión de la política forestal actual de la Xunta de Galicia, y entendemos necesario el estudio de política que incluyan:

- Fomentar el consenso social y la compatibilidad de usos, conjuntamente a un programa social de concienciación y comunicación que fomente la cooperación local.
- Modificación radical en la estrategia de la lucha contra incendios, apostando por la prevención y el uso de tecnologías más eficientes.
- Potenciar actuaciones en I+D+i que permita un verdadero intercambio de los resultados obtenidos en la investigación forestal.
- Establecer una fiscalidad atractiva para el monte.
- Incentivar los usos complementarios del monte: recolección de hongos, recursos cinegéticos, áreas recreativas, turismo de naturaleza, etc..

Desde el ámbito municipal proponemos que se activen medidas de prevención como el proyecto piloto que han iniciado en Ames el pasado invierno, dentro de su plan municipal de prevención y defensa contra los incendios forestales en el que se plantaron en una primera fase más de mil castaños, avellanos, nogales y cerezos en una superficie de aproximadamente dos hectáreas. El objetivo es repoblar con especies que arden menos como medidas para reforzar la prevención.

La iniciativa que desde Cs proponemos es suscribir convenios de colaboración con los propietarios de los terrenos para la gestión, desbroce y repoblación de los mismos por parte del Concello, y con la consiguiente obligación de realizar las labores de mantenimiento de los propietarios. Estas medidas pueden ser incluidas en el plan +Rural que se está llevando a cabo por el Gobierno municipal, lográndose así políticas de prevención forestal y medio ambientales a medio y largo plazo.

Por lo expuesto

Esta Corporación municipal, en su obligación de velar por el mejor interés de los ciudadanos acuerda:

- Instar a la Xunta de Galicia a crear una comisión de estudio sobre política forestal en las que se traten sobre las propuestas referidas.
- Instar ao Concello de Culleredo a que inicie un plan municipal de prevención y defensa contra los incendios forestales en el que se adopten medidas de repoblación de arbolado frugal, como son castaños, cerezos, avellanos, nogales y cerezos como medida de prevención de incendios."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, fai unha presentación da moción transcrita.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que xa lle notificou ao concelleiro Sr. Vázquez Lozano que quere facer unha emenda a súa proposta relativa a que se reclame do goberno municipal que cumpra e faga cumprir a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, comezando polas vías e camiños de propiedade municipal e elaborando un mapa informativo de acordo co plan urbanístico vixente que permita mellorar o coñecemento das obrigas das persoas propietarias e tamén quere facer unha solicitude para que se retire da exposición de motivos a alusión ao goberno bipartito posto que leva a unha confusión na análise e que xa o comentou nalguna reunión dicindo que recoñecendo que as políticas forestais son a longo ou moi longo prazo non se pode comparar a situación que lle veu dada a un goberno que levaba menos dun ano no poder e no que se xuntaron esas características de 30/30/30 30 grados, 30% de humidade e 30 kilómetros de vento, non podendo comparar a capacidade de resposta dun goberno que levaba un ano no poder con outros que levan gobernando toda a vida, pregándolle ao Sr. Vázquez Lozano que retire ese parágrafo pois non axuda en nada a análise, confundindo máis ben, pregándolle tamén que acepte a emenda que leron anteriormente.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que desde o grupo municipal de Marea Veciñal teñen dúas emendas á moción presentada, referíndose a primeira ao que xa expuxo o concelleiro do BNG relativa a facer cumprir a Lei de prevención de incendios tramitando a execución subsidiaria da limpeza e falta de tala nas leiras, e a segunda é relativa ao que xa se recolle na exposición de motivos da moción do concelleiro de Cidadáns cando se di que a iniciativa que propoñen desde Cidadáns é suscribir convenios de colaboración cos propietarios dos terreos para a xestión, desbroce e repoboación dos mesmos, non a costa do Concello pero si coa idea de que as leiras estean limpas.

Seguidamente solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que quere redundar no xa solicitado en relación a esixir que o propio Concello cumpla tanto coa Lei de montes como coa Lei de prevención de incendios polo que apoiarian a moción presentada con esta emenda.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o seu grupo quere facer unha emenda no senso de engadir un último parágrafo que diga:

"Instar á Xunta de Galicia á elaboración dun plan, en consenso coa FEGAMP, de prevención e defensa contra os incendios forestais no que se adopten medidas de repoboación de arbolado frondoso coma castiñeiros, cerdeiras, nogais e carballos."

Deseguido solicita intervir novamente o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que agradece todas as achegas e poder debatir na sesión este punto; que con respecto á emenda presentada polo concelleiro do BNG, Sr. Chouciño Garrido, está totalmente de acordo con el e que xa nalguna ocasión trouxo ao Pleno propostas para a limpeza das vías e camiños municipais, aceptando tamén a supresión do segundo parágrafo da parte expositiva da súa moción deixando atrás temas políticos e mirando todos cara ao futuro; que con respecto ao proposto polo voceiro da Marea Veciñal acepta tamén a súa emenda e que a que non lle quedou moi clara foi a presentada polo PSdeG-PSOE polo que solicita se lle aclare para poder decidir se a acepta ou non.

Intervén o Sr. alcalde-presidente dicindo que o Concello non ten competencias na materia e polo tanto propoñen substituír a proposta de instar ao Concello a que inician a elaboración dun plan de prevención e defensa contra os incendios forestais por instar á Xunta de Galicia á elaboración dun plan, en consenso coa FEGAMP, de prevención e defensa contra os incendios forestais no que se adopten medidas de repoboación de arbolado frondoso coma castiñeiros, cerdeiras, nogais, carballos,... pois do contrario van ser os concellos os que teñan que pagar todos os gastos derivados da política de prevención de incendios.

Trala explicación dada polo Sr. alcalde intervir novamente o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano, para dicir que acepta tamén a emenda do PSdeG-PSOE.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

A continuación, o Sr. alcalde di que con respecto a todas as emendas presentadas, se deberían matizar pois hai algunhas consideracións de tipo formal, que lle indica a Sra. Secretaria municipal, dándolle o uso da palabra.

Deseguido, intervén a Sra. Secretaria e di que en relación ás emendas referidas a instar ao Concello de Culleredo quere lembrar que entre os órganos municipais do Concello non existe xerarquía polo que a obriga de cumprir a lexislación nesa materia concreta lle corresponde ao Sr. alcalde e polo tanto non pode o Concello en Pleno adoptar un acordo de instar a un órgano municipal pois trataríase dun rogo, debendo reconducir estas peticións nese sentido.

A continuación solicita intervir o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez permitida a súa intervención, di que entende que, independentemente da non xerarquía, un órgano é o goberno municipal e outro a Corporación en Pleno, e que dalgunha maneira teñen que demandarlle ao goberno municipal, respondendo a Sra. secretaria que existe a figura legal do rogo e que se debe facer no punto de rogos e preguntas, continuando a súa intervención o concelleiro do BNG, Sr. Chouciño Garrido, dicindo que se esta emenda non ten cabida a el lle parece totalmente vacía de contido a proposta.

Tras un breve debate o alcalde-presidente pregúntalle ao Sr. Vázquez Lozano se acepta a emenda proposta polo partido socialista de instar á Xunta de Galicia, pois como ben dixo a Sra. secretaria o Pleno non pode instar ao Concello de Culleredo, respondendo o Sr. Vázquez Lozano que si acepta as emendas do PSdeG e tamén a do grupo municipal Marea Veciñal.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada, coas emendas aceptadas, solicitando da Sra. secretaria que proceda á lectura do resultado final da moción.

Deseguido, de orde do Sr. alcalde, intervén a Sra. secretaria e di que finalmente, das emendas propostas e aceptadas polo proponente da moción, resulta unha proposta na que se suprime o segundo parágrafo da exposición de motivos e coa parte resolutiva transcrita como segue:

"1. Instar á Xunta de Galicia a crear unha comisión de estudo sobre política forestal na que se traten sobre as propostas referidas.

2. Instar á Xunta de Galicia á elaboración dun plan, en consenso coa FEGAMP, de prevención e defensa contra os incendios forestais no que se adopten medidas de repoboación de arbolado frondoso coma castiñeiros, cerdeiras, nogais, carballos ...

3. Que o Concello de Culleredo inicie os trámites correspondentes para que os propietarios que así o desexen poidan delegar no Concello para que sexa este o que realice os traballos de mantemento dos terreos.

4. Que o Concello de Culleredo inicie os trámites para poder proceder á execución subsidiaria da limpeza e talla das leiras nas cales os seus propietarios non a realicen, dando así cumprimento ao establecido na lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, así como o establecido na ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancia das plantacións e xestión da biomasa forestal do concello de Culleredo, nas leiras lindeiras con vivendas ou nas cercanías dos núcleos de poboación."

Intervén o Sr. alcalde-presidente e di que o seu grupo non pode votar favorablemente a moción emendada dado que a aprobación do punto número 3 suporía unha carga económica para o Concello que non ten o deber de soportar pois non entra dentro das competencias municipais.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de Cidadáns, coas emendas propostas polos grupos municipais PSdeG-PSOE e Marea Veciñal de Culleredo, obténdose o seguinte resultado:



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

Votos a favor: 6 (seis), dos sres/as: Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Votos en contra: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Abstencións: 6 (seis), dos sres/as: Cañas Varela, Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción.

8.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2017.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 263/2018, de data 21 de febreiro de 2018, que transcrita di:

“RESOLUCIÓN

Considerando os artigos 191 e seguintes do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Considerando os artigos 89 e seguintes do Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos.

Visto o expediente de liquidación do Orzamento de 2017, e visto o informe da Intervención municipal

RESOLVO:

Primeiro.- Aproba-la liquidación do Orzamento de 2017, da que se deriva o seguinte

1.1. resultado orzamentario:

CONCEPTOS	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes	Resultado orzamentario
a) Operacións Correntes	20.042.574,29	16.068.571,41		3.974.002,88
b) Operacións de capital	784.548,31	3.019.984,61		-2.235.436,30
1. Total operacións non financeiras (a+b)	20.827.122,60	19.088.556,02		1.738.566,58
c) Activos Financeiros	6.034,20	6.835,68		-801,48
d) Pasivos Financeiros	339.661,16	1.684.794,84		-1.345.133,68
2. Total operacións financeiras (c+d)	345.695,36	1.691.630,52		-1.345.935,16
I.RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I = 1+2)	21.172.817,96	20.780.186,54		392.631,42
AXUSTES:				
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesouraría para gastos xerais			1.300.518,13	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			313.153,83	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			231.650,15	
II. TOTAL AXUSTES (II = 3+4-5)			1.382.021,81	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				1.774.653,23



Código do documento USG12I00BE	Código do expediente USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE) 370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

1.2.- remanente de tesourería:

COMPOÑENTES	IMPORTES ANO	IMPORTES ANOS ANTERIORES
1 (+) Fondos líquidos	8.079.793,67	6.922.783,07
2 (+) Dereitos pendentes de cobro	972.433,67	1.091.332,99
- (+) do Orzamento corrente	688.182,41	882.822,17
- (+) de Orzamentos pechados	103.122,96	73.548,37
- (+) de operacións non orzamentarias	181.128,30	134.962,45
3 (-) Obrigas pendentes de pago	1.329.873,13	684.075,68
- (+) do Orzamento corrente	770.131,30	171.436,89
- (+) de Orzamentos pechados	8.152,46	7.852,46
- (+) de operacións non orzamentarias	551.589,37	504.786,33
4 Partidas pendentes de aplicación	-7.871,39	-7.714,78
- (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	7.871,39	7.714,78
+ (+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	0,00
I Remanente de Tesouraría total (1 + 2 - 3 + 4)	7.714.482,82	7.322.325,60
II Saldos de dubidoso cobro	43.851,48	28.942,71
III Exceso de financiamento afectado	301.977,44	322.460,29
IV Remanente Tesouraría para Gastos Xerais (I - II - III)	7.368.653,90	6.970.922,60

C.I.F. P-1503100-H

Segundo.- Dar conta ao Pleno Municipal da aprobación da liquidación do Orzamento do ano 2017, de conformidade co sinalado polo artigo 193.4 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses"

9.- DACIÓN DE CONTA DE CESIÓN DE TERREOS PARA VIARIOS PÚBLICOS.

9.1.- A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 226/2018, de data 15 de febreiro de 2018, de aceptación da cesión dunha superficie de 82,75 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Rúa Telva, parroquia de Almeiras, efectuada por don **LOPO** formalizada en escritura pública outorgada o 09.11.2017 ante a Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 2051 do seu protocolo.

9.2.- A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 260/2018, de data 21 de febreiro de 2018, de aceptación da cesión dunha superficie de 92 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Souto, parroquia de Orro,



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

efectuada por dona **LOPD** e don **LOPD** e formalizada en escritura pública outorgada o 08.01.2018 ante a Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 37 do seu protocolo.

9.3.- A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 297/2018, de data 27 de febreiro de 2018, de aceptación da cesión dunha superficie de 49 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Barrio, parroquia de Sueiro, efectuada por don **LOPD** dona **LOPD** e formalizada en escritura pública outorgada o 28.09.2017 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Federico-José Cantero Núñez, co número 1496 do seu protocolo.

9.4.- A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 298/2018, de data 27 de febreiro de 2018, de aceptación da cesión dunha superficie de 21 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Souto, parroquia de Orro, efectuada por don **LOPD** e dona **LOPD** e formalizada en escritura pública outorgada o 26.10.2017 ante a Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 1955 do seu protocolo.

9.5.- A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 314/2018, de data 28 de febreiro de 2018, de aceptación da cesión dunha superficie de 65,25 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Cabana, parroquia de Veiga, efectuada por dona **LOPD** e formalizada en escritura pública outorgada o 04.10.2017 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Federico-José Cantero Núñez, co número 1513 do seu protocolo.

9.6.- A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 346/2018, de data 09.03.2018, de aceptación da cesión dunha superficie de 52,40 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Vinxeira Pequena, parroquia de Celas, efectuada por dona **LOPD** e dona **LOPD** e formalizada en escritura pública outorgada o 26.10.2017 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Emilio Lopez de Paz, co número 1052 do seu protocolo.

10.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

A presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, da conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 160 resolucións, numeradas da 226 ata a 385, do ano 2018, que se relacionan de seguido:

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 02-04-2018
RESOLUCION			
226	15/02/2018	Aceptación da cesión que fai J.T.C. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 82,75 m2 para o seu destino a viario público.	
227	15/02/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19-02-2018.	
228	16/02/2018	Contratación como persoal laboral temporal a M.F.P. para impartir todos os módulos formativos do curso de Operacións básicas de restaurante bar número 103866 (código HOTR0208).	
229	19/02/2018	Concesión a L.V.F. e C.T.S. da licenza municipal de obras para a construción dun muro de contención na parcela situada na rúa María Román na parroquia de Culleredo. (UAU/2017/467).	
230	19/02/2018	Concesión a C.P.P. e L.P.P. da licenza de segregación da parcela con referencia catastral 7404503NH4970N, situada no lugar de Ledoño. (UAU/2018/5).	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 02-04-2018
RESOLUCION			
231	19/02/2018	Concesión a M.A.D.F. da licenza municipal de obras para a construción dunha edificación auxiliar que se destinará a garaxe na parcela situada na rúa Leonzas na parroquia de Culleredo. (UAU/2017/137).	
232	19/02/2018	Concesión a Matías García SL da licenza municipal de obras para a ampliación da nave industrial situada na rúa Río Mero núm. 7 da parroquia de Almeiras. (UAU/2016/510).	
233	19/02/2018	Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do día 22-02-2018.	
234	20/02/2018	Concesión a R.S.P. e M.V.B. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	
235	20/02/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a T.L.F.S. do recibo de luz por importe de 36,51€, sendo o importe da factura de 40,46€, correspondente ao período do 16-09-2017 ao 31-10-2017.	
236	20/02/2018	Concesión a C.P.T. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1065€.	
237	20/02/2018	Concesión a S.A.N. Bono de alimentos tipo C, Bono de hixiene tipo B e Bono de lactantes (pañales) durante seis meses cunha entrega mensual.	
238	20/02/2018	Concesión a O.J.G.F. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1065€.	
239	20/02/2018	Solicitude da formalización do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para o financiamento do mantemento xeral e reserva de prazas no centro ocupacional "A Escada" para o ano 2018, importe total 70.000€.	
240	20/02/2018	Autorización do uso especial por UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN SA dos terreos de dominio público municipal afectados para uso especial para "execución de 334m de rede de baixa tensión subterránea en Almeiras 33", na parroquia de Almeiras.	
241	20/02/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 9133/2017	
242	20/02/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 12004/2017 e dous máis.	
243	20/02/2018	Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por M.L.C.M.	
244	20/02/2018	Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por A.T.P.	
245	21/02/2018	Aprobación da incorporación dos remanentes de crédito do orzamento de 2017 ao orzamento de 2018 e aprobación das operacións de execución de gasto (Terceiro: PAS 2015-Importe: 143.135,44).	
246	21/02/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago J.A.C.L. recibo auga importe 114,44€ do 2º trimestre 2017, pago recibo gas 52,27€ período do 05-06-2017 ao 03-08-2017 e pago recibo electricidade 93,48€ período 18-10-2017 ao 17-12-2017.	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 02-04-2018
RESOLUCION			
247	21/02/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago a E.L.B. do recibo de auga do 4º trimestre de 2017 (54,79€) e dos recibos de electricidade correspondentes ao período do 20-09-2017 ao 19-10-2017 (15,50€) e do 20-11-2017 ao 18-12-2017 (23,73€).	
248	21/02/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago a M.P.C.L. do recibo de auga por importe de 101,01€ correspondente ao 3º trimestre de 2017, pago recibo de luz por importe de 125,13€ do período do 04-04-2017 ao 31-10-2017.	
249	21/02/2017	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago a Y.M.C. do recibo de auga por importe de 78,66€ correspondente ao 4º trimestre de 2017.	
250	21/02/2018	Concesión a L.N.S.Q. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1065€.	
251	21/02/2018	Concesión a C.A.C. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1014€.	
252	21/02/2018	Concesión a A.G.C. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	
253	21/02/2018	Concesión A.S.C. cambio de material para exercer servizo transporte público de persoas co vehículo marca TOYOTA PRIUS PLUS, matrícula 9972KGG, 5 prazas en substitución vehículo marca TOYOTA PRIUS matrícula 7444GJD, conservando núm. 9 licenza municipal.	
254	21/02/2018	Concesión M.A.V.M. cambio de material para exercer servizo transporte público de persoas co vehículo marca FORD MONDEO, matrícula 5889KGL, 5 prazas en substitución vehículo marca RENAULT SCENIC matrícula 2249HFFH, conservando núm. 8 licenza municipal.	
255	21/02/2018	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Cleo, especie canina, núm. Microchip 941000021183631, propietario M.A.L.P., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 111, data de expedición 07-02-2018.	
256	21/02/2018	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Loco, especie canina, núm. Microchip 981098106123804, propietario M.L.V.V., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 114, data de expedición 12-02-2018.	
257	21/02/2018	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 112 a M.R.R.O.	
258	21/02/2018	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 113 a M.A.M.D.	
259	21/02/2018	Concesión do cambio de titularidade da licenza para uso especial de dominio público, para reserva de espazo entrada e saída vehículos (modalidade Reserva Permanente 24 horas), coa licenza núm. 217 para o local situado na Av. Acea de Ama a favor de J.R.L.	
260	21/02/2018	Aceptación da cesión que fai I.D.C. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 92m2 para o seu destino a viario público.	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 02-04-2018
RESOLUCION			
261	21/02/2018	Recoñecemento obriga e orde pagamento axudas concedidas asociacións sen ánimo de lucro. Liña actuación núm. 1 - Promoción de servizos, programas, proxectos e actuacións en materia de servizos sociais (ABRENTE - 897,60€ e dúas máis).	
262	21/02/2018	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago de facturas varias (G.F.G.- 540,02 € e máis).	
263	21/02/2018	Aprobación da liquidación do Orzamento do ano 2017.	
264	21/02/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigase ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/8. (TERCEIRO: A61213989-IMPORTE TOTAL: 272,13€ e máis).	
265	22/02/2018	Inicio do procedemento de nomeamento de 7 auxiliares administrativos, funcionario/a interino, por exceso de acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.	
266	22/02/2018	Dedución na nómina do presente mes de S.G.U. da cantidade de 46,70€.	
267	22/02/2018	Dedución na nómina do presente mes de J.M.G.P. da cantidade de 110,55€.	
268	22/02/2018	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por P.V.D.L. á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
269	22/02/2018	Corrección do erro detectado na resolución núm. 216 do día 12-02-2018.	
270	22/02/2018	Aprobación dun expediente de transferencia de crédito por importe de 371,45€.	
271	22/02/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26-02-2018.	
272	22/02/2018	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por D.F.C., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
273	22/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.J.S.B. e M.P.M.S.	
274	22/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de V.P.S.	
275	22/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.E.S.S. e tres máis.	
276	22/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de F.S.	
277	23/02/2018	Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 60 m3 a J.M.V.R., no domicilio sito na rúa San Pedro, con efectos de 01/04/2018.	
278	23/02/2018	Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a J.M.R.M., no domicilio sito na rúa Tierno Galván, con efectos de 01/04/2018.	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 02-04-2018
RESOLUCION			
279	23/02/2018	Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a V.R.S., no domicilio sito na Av. Vilaboa, con efectos de 01/04/2018.	
280	23/02/2018	Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a J.D.P.G., no domicilio sito na Av. Xoan Carlos I, con efectos de 01/04/2018.	
281	23/02/2018	Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.G.D., no domicilio sito na rúa Alcalde Domingo Sierra, con efectos de 01/04/2018.	
282	23/02/2018	Aprobación da cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL por importe de 1.195€ polo concepto de "Aval para garantir o contrato: Aluguer de elementos decorativos da iluminación de Nadal 2017-2018".	
283	23/02/2018	Orde cambios de titularidade no Catastro Inmobiliario.	
284	23/02/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigase ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/9. (TERCEIRO: B15025661-IMPORTE TOTAL: 218,25€ e máis).	
285	26/02/2018	Concesión a E.M.L. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
286	26/02/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.U.L.G. do recibo de luz por importe de 18,40€, sendo o importe da factura 42,91€ correspondente ao período do 05-09-2017 ao 04-10-2017.	
287	26/02/2018	Concesión a M.J.M.O.C. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1065€.	
288	26/02/2018	Concesión a M.L.C.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1050€.	
289	26/02/2018	Concesión a R.B.L. da licenza de segregación que solicitou para unha parcela situada no lugar de Ledoño, referencia catastral 7309613NH4970N0001BZ, coa obriga de cesión en escritura pública de 25,6 m2 da parcela A e 56,90€ da parcela B. (UAU/2016/390).	
290	26/02/2018	Concesión a A.C.N. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar nunha parcela situada no lugar de Barrio, Sueiro. (UAU/2016/513).	
291	26/02/2018	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 1004/2018 e 68 máis.	
292	26/02/2018	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 26-02-2018 desde as 13.00 ata as 15.00 horas e durante todo o día 27-02-2018.	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 02-04-2018
RESOLUCION			
293	26/02/2018	Gratificación por servizos extraordinarios fóra da xornada membros Comisión de Valoración do proceso selectivo convocado para a formación dunha lista de substitución de traballador/a social (persoal funcionario interino) por un importe total de 1.512,51€.	
294	26/02/2018	Aprobación da lista definitiva dos aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo "Técnica/o de urbanismo".	
295	26/02/2018	Inicio expediente disciplinario M.V.G.G.	
296	27/02/2018	Acceso solicitado D.V.G. en nome OBRALAR SLU e acceso expedientes (CLT), agás relativos expediente concesión licenza instalación báscula (parcela 138-B) e construción aparcamiento pesados (parcela PV4) ao non constar expedientes específicos autorización.	
297	27/02/2018	Aceptación da cesión que fan M.V.M. e M.J.R.T. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 49 m2 para o seu destino a viario público.	
298	27/02/2018	Aceptación da cesión que fan B.L.R. e L.M.N. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 21 m2 para o seu destino a viario público.	
299	27/02/2018	Estimación da solicitude efectuada por J.A.F.F. para a instalación dun establecemento de venda ambulante na feira do Concello de Culleredo e expedición da tarxeta acreditativa da autorización municipal para o exercicio da venda ambulante.	
300	27/02/2018	Solicitude subvención para acometer as obras contempladas no anteproxecto denominado "Reforma de acceso ao polígono industrial A Marisqueira. Culleredo".	
301	27/02/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigase ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/10. (TERCEIRO: B15535552-IMPORTE TOTAL: 42,12€ e máis).	
302	28/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.A.G.V.	
303	28/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de P.D.L. e E.M.G.S.	
304	28/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.J.R.R.	
305	28/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.C.B.I. e dous máis.	
306	28/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.R.M.L.	
307	28/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de B.S.A.O. e dous máis.	
308	28/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de S.O.P.	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 02-04-2018
RESOLUCION			
309	28/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de P.M.F.T.	
310	28/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.G.M.C.P. e catro máis.	
311	28/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.R.F.R.	
312	28/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de R.G.L.	
313	28/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de P.A.B.R.	
314	28/02/2018	Aceptación da cesión que fai R.M.R. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 65,25 m2 para o seu destino a viario público.	
315	28/02/2018	Concesión a L.C.S. dunha axuda económica para o pago de fianza nun pago único de 600€ e para o pago de aluguer dun mes de 2018 (300€)	
316	28/02/2018	Concesión a L.F.P.P. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1065€.	
317	28/02/2018	Concesión a M.A.M.T. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1065€.	
318	28/02/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a D.D.F.T. do recibo de transporte por importe de 49,86€.	
319	28/02/2018	Baixa no servizo municipal de Axuda no fogar B.M.J.M.B.	
320	28/02/2018	Concesión a M.R.B.I. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
321	28/02/2018	Concesión a A.A.G. e E.M.C. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de sete horas á semana (agás festivos).	
322	28/02/2018	Recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento das axudas concedidas a asociacións sen ánimo de lucro. Liña de actuación número 5: PROMOCIÓN DA CULTURA (CENTRO SOCIAL, CULTURAL Y RECREATIVO DE RUTIS: 2939,3€).	
323	01/03/2018	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 115 a N.M.Y.P.	
324	01/03/2018	Aprobación do proxecto técnico para a obra de "Pavimentación de viales en la parroquia de Ledoño" co seu correspondente presuposto que ascende á cantidade de 16.418,57€, IVE engadido.	
325	01/03/2018	Concesión autorización vertedura sistema xeral de saneamento sen contemplar ningunha medida de control do efluente a TRANSPORTES PELLEJERO E HIJOS, SL para actividade destinada transporte mercancías nunha nave na R/ Alcalde José Aldao Lima 2-3 CLT Ledoño.	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 02-04-2018
RESOLUCION			
326	01/03/2018	Inadmisión recurso revisión en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria presentado por P.F.C. contra decreto 934/2017 que resolve recurso reposición interposto expediente sancionador 12517/2016, confirmando sanción imposta.	
327	02/03/2018	Recoñecemento obriga e ordenación pagamento axudas concedidas asociacións sen ánimo de lucro. Liña actuación núm. 4 - PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN. (APA colegio público CARCABELOS de O Burgo - 2.000,00€ e dúas máis)	
328	02/03/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigase ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/11. (TERCEIRO: B15140098-IMPORTE TOTAL: 91,18€ e máis).	
329	02/03/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 05-03-2018.	
330	06/03/2018	Concesión a L.C.C.R. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1065€.	
331	06/03/2018	Concesión a M.D.G.G. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1065€.	
332	06/03/2018	Concesión a E.P.O. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 300€, pago de recibo de electricidade de 6 meses de 2018 e pago recibo auga 1º, 2º e 3º trimestre.	
333	06/03/2018	Concesión a M.I.M.P. dunha axuda económica para o pago de auga do 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, pago recibo de electricidade 6 meses 2018, pago recibos gas 6 meses 2018 e pago recibos de comunidade 12 meses 2018.	
334	06/03/2018	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Rocky, especie canina, núm. Microchip 941000022171185, propietario M.A.M.D., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 113, data de expedición 21-02-2018,	
335	06/03/2018	Non procedencia da execución por parte do Concello de Culleredo das obras ou instalacións necesarias para dotar de subministro eléctrico ordinario a edificación situada na R/ Breogán núm. 1 esquina coa R/ Clara Campoamor (UA21).	
336	06/03/2018	Deixar sen efecto o horario fixo de presenza autorizado a D.B.R. por resolución do 04-05-2011.	
337	06/03/2018	Autorización empregados que teñan concedida modificación horario fixo presenza a que cando as súas circunstancias persoais llo permitan e de xeito excepcional poidan, previa comunicación servizo persoal, realizar horario fixo presenza establecido.	
338	06/03/2018	Concesión a M.V.G.G. da prolongación da permanencia na situación de servizo activo ata o día 15-03-2019.	
339	06/03/2018	Atribución a J.C.G.R. as funcións de apoio administrativo no Servizo de medio ambiente, servizos e obras polo prazo máximo dun ano prorrogable por outro máis, no caso de que se manteñan as necesidades de servizo que motivan esta atribución.	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 02-04-2018
RESOLUCION			
340	07/03/2018	Aprobación do expediente para a contratación da obra denominada "Renovación de parque As Lagoas-Paseo marítimo do Burgo, y skate parque. Concello de Culleredo e aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de cláusulas técnicas.	
341	07/03/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigase ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/12. (TERCEIRO: B27014398-IMPORTE TOTAL: 413,13€ e máis).	
342	07/03/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigase ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/13. (TERCEIRO: B15025661-IMPORTE TOTAL: 849,03€ e máis).	
343	09/03/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago T.S.R. recibo hipoteca xaneiro (144,49€), febreiro (144,49€), marzo (144,49€), maio (142,45€), xuño (142,45€) e parte xullo (124,57€), recibo electricidade do 11-05-2017 ao 12-06-2017 (23,80€).	
344	09/03/2018	Concesión M.A.M. axuda económica pago auga 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, pago recibo electricidade 4 meses 2018, axuda económica en concepto recibo gas 4 meses 2018, pago recibo comunidade 12 meses 2018, Bono alimentos tipo B e Bono hixiene tipo A.	
345	09/03/2018	Concesión a P.S.L. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1065€.	
346	09/03/2018	Aceptación da cesión que fai A.V.V. e M.C. V.P. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 52,40 m2 para o seu destino a viario público.	
347	09/03/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 14338/2017 e un máis.	
348	09/03/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 14598/2017 e un máis.	
349	09/03/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12-03-2018.	
350	12/03/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.M.Q.S. do recibo de auga do período do 4º trimestre de 2016 (65,64€), 1º trimestre e 3º trimestre de 2017, recibos de electricidade de novembro a decembro de 2016 e de xaneiro a outubro de 2017.	
351	12/03/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.P.C.L. do recibo de luz por importe de 169,12€ do período do 13 de xullo de 2017 ao 12 de outubro de 2017.	
352	12/03/2018	Concesión a M.A. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1060€.	
353	12/03/2018	Baixa no servizo municipal de Xantar na casa de M.L.M.	
354	12/03/2018	Baixa no servizo municipal de Teleasistencia domiciliar de B.M.J.M.B.	
355	12/03/2018	Baixa de M.A.V. e H.I.M. no servizo municipal de Axuda no fogar	
356	12/03/2018	Concesión a A.S.M. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Boedo, parroquia de Veiga. (UAU/2017/469).	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 02-04-2018
RESOLUCION			
357	12/03/2018	Concesión a I.T.K. e M.M.R.R. da licenza de primeira ocupación para unha vivenda situada no Lugar de Goiente, parroquia de Sueiro. (UAU/2017/652).	
358	12/03/2018	Concesión a F.E.N.M. da licenza municipal de obras para o cambio da cuberta dunha vivenda unifamiliar situada na Av. Fonteculler, parroquia de Rutis. (UAU/2017/461).	
359	12/03/2018	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 13-03-2018.	
360	13/03/2018	Concesión a C.E.R. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1065€.	
361	13/03/2018	Nomeamento membros da Comisión de acción social para o estudo das axudas correspondentes ao ano 2017.	
362	14/03/2018	Nomeamento K.P.D.A. como responsable da Unidade de Selección de Operacións (USO) do DUSI e asignación das funcións descritas no Manual do Concello v.4, dedicándolle a estas funcións un 30% da súa xornada laboral.	
363	15/03/2018	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 116 a P.B.R.	
364	15/03/2018	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 18872/2017.	
365	15/03/2018	Autorización, disposición, recoñecemento da obriga e ordenación do pago do gasto "Dietas asistencia tribunal proceso selectivo". (Técnico de Turismo).	
366	15/03/2018	Concesión ao oficial da Policía Local de Culleredo, J.L.L.P., en recoñecemento do seu labor desenvolvido na identificación do presunto autor do atropello mortal sucedido na madrugada do día 02-01-2018 a ser recompensado coa Mención Honorífica.	
367	15/03/2018	Autorización, disposición, recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento do gasto "Dietas asistencia tribunal proceso selectivo" (Selección mestres para impartir módulos formativos especialidade formativa HOTR0208 Operacións Básicas Restaurante e Bar.	
368	15/03/2015	Autorización, disposición, recoñecemento obriga e ordenación pagamento "Dietas asistencia tribunal proceso selectivo" (Selección mestres impartir módulos formativos especialidades Operacións Básicas Restaurante e Bar, Montaxe Mobles e Elementos carpintería	
369	15/03/2018	Delegación na concelleira M.C.V.C. da asistencia e participación na Asemblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que terá lugar o día 23-03-2018 na EGAP.	
370	15/03/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19-03-2018.	
371	16/03/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.T.P. dos recibos de comunidade correspondente aos meses de agosto (30€), setembro (30€) e outubro (25,5€) de 2017.	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 02-04-2018
RESOLUCION			
372	16/03/2018	Concesión a C.S.C. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1065€.	
373	16/03/2018	Concesión a L.S.R. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1065€.	
374	16/03/2018	Concesión a F.M.B.V. dunha ampliación no servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de dez horas á semana (agás festivos).	
375	16/03/2018	Baixa no servizo de Xantar na casa, Teleasistencia domiciliaria e Axuda no fogar de T.P.P.	
376	16/03/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 14433/2017.	
377	16/03/2018	Estimación da solicitude efectuada por O.P.L. para a instalación dun establecemento de venda ambulante na feira do Concello de Culleredo e expedición da tarxeta acreditativa da autorización municipal.	
378	19/03/2018	Recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento das axudas concedidas a asociacións sen ánimo de lucro. Liña de actuación número 3 - Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades de ámbito socio-sanitario (ASGATE-1.000€ e un máis).	
379	19/03/2018	Concesión a M.G.P. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
380	19/03/2018	Abonamento a C.R.V. da cantidade de 215,53€ de servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo durante os días 1, 2, 6, 7, 8 e 9 de febreiro de 2018.	
381	19/03/2018	Aprobación da indemnización por desempeño accidental do posto de secretaria xeral do Concello do día 29-11-2017 ao 01-12-2017 e do 21 ao 29/12/2017 (8 días hábiles) a favor de M.N.F.B. por importe de 104,64€.	
382	19/03/2018	Inicio do procedemento para o nomeamento dun/dunha traballador/a social, funcionario/a interino.	
383	20/03/2018	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago de facturas varias (G.F.G.- 540,02 € e máis).	
384	20/03/2017	Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m ³ a B.S.S., no domicilio sito na rúa Fonte da Balsa, con efectos de 01/04/2018.	
385	20/03/2018	Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 60 m ³ a M.A.B.C., no domicilio sito na rúa Largo Caballero, con efectos de 01/04/2018.	

11.- MOCIÓNES URGENTES.

Intervén o Sr. alcalde-presidente e manifesta que somete á consideración do pleno por razóns de urxencia a proposta de data 2 de abril de 2018, relativa a modificación do acordo plenario de data 20.12.2017 relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

servizos de competencia municipal (plan único de concellos) "POS+ 2018" da Deputación Provincial da Coruña, xustificando a urxencia no requirimento da Deputación e no prazo establecido para a presentación da documentación, que finaliza o vindeiro día 6.

Deseguido somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación somete a debate e votación do Pleno a proposta da alcaldía, de data 2 de abril de 2018, que transcrita literalmente di:

"PROPOSTA

O pasado 9 de febreiro de 2018, pola Deputación Provincial achegou a través da plataforma SUBTEL varios requirimentos relativos á solicitude formulada por este Concello de inclusión de obras no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único de Concellos POS + 2018, nos que sinala:

1. Que no acordo plenario de 20/12/2017, non se recollen os grupos de programas das obras incluídas na achega 2017. Na nova proposta, xa se inclúen.
2. Non se pode incluír o subministro denominado "dotación de equipamento para o arquivo municipal de Culleredo" dentro das obras da achega 2017, posto que non pode considerarse investimento financeiramente sostible. Por este motivo, inclúese nas obras da achega 2018, que non requiren que o investimento teña tal cualificación e modifícase o importe a financiar de gastos correntes e unha das obras anteriormente incluídas na achega 2018 que si ten a consideración de financeiramente sostible, pásase a financiar coa achega 2017.
3. Diversas observacións sobre a documentación dos proxectos Reforma para o aforro enerxético nos alumeados públicos da urbanización Aguas Mansas; Reforma para o aforro enerxético nos alumeados públicos das prazas de Sta. Gema, As Brañas, R/ Ferrocarril, Celas e Urba. A Ría; Reforma interior da planta 1ª do edificio de usos múltiples e Reparación en el depósito de A Corveira. En consecuencia, procedeuse á rectificación dos proxectos e pregos de prescricións técnicas.
4. Que é "obligatorio para os concellos solicitar investimentos financeiramente sostibles dentro do Plan Complementario, por un importe mínimo de 20% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada a cada un deles neste plan", sen que a obra presentada alcance o devandito 20%. Inclúense as obras de acondicionamento das polideportivas descuberta do Paseo Marítimo do Burgo e da Praza Europa.

Polo que proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Modificar o acordo do pleno municipal de 20/12/2017 relativo ao **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018"** da Deputación Provincial da Coruña, que pasa a ser o seguinte:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018".

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

Subtotal pago a proveedores	0,00 €
-----------------------------	--------

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	485.521,87 €
Subtotal gasto corrente	485.521,87 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Dotación de equipamento para o arquivo municipal de Culleredo	48.570,61 €	0,00 €	48.570,61 €
Subtotal investimentos achega provincial 2018	48.570,61 €	0,00 €	48.570,61 €

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles")		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Renovación de los parques infantís no centro social de Orro e urbanización Vallesur. Concello de Culleredo	171	41.965,21 €	0,00 €	41.965,21 €
Rehabilitación do firme na urbanización "A Ría", fase 1	153	110.171,59 €	10.000,00 €	120.262,67 €
Reforma para o aforro enerxético nos alumeados públicos da urbanización Aguas Mansas (rectificado)	165	70.000,00 €	10,029,48€	80.029,48 €
Rehabilitación do pavimento da estrada á Ermida de Ternande e Ledoño	153	40.750,83 €	0,00 €	40.750,83 €
Pavimentación en Rúa Regueiro	153	60.238,64 €	18.000,00 €	78.238,64 €
Renovación del parque infantil rúa Os Templarios	171	56.427,87 €	0,00 €	56.427,87 €
Reforma para o aforro enerxético nos alumeados públicos das prazas de Sta. Gema, As Brañas, R/ Ferrocarril, Celas e Urba. A Ría (rectificado)	165	64.259,72 €	5.510,23 €	69.769,95 €
Cubrición do parque das Brañas	171	80.201,40 €	13.000,00 €	93.201,40 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017		524.015,26 €	56.539,71 €	580.554,97 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Rehabilitación de pavimento na R./Penaloureira e no cruce de San Cosme	43.974,98 €	0,00 €	43.974,98 €
Reforma interior da planta 1ª do edificio de usos múltiples (proxecto rectificado)	105.522,96 €	0,00 €	105.522,96 €
Rehabilitación de pavimento en Vinxeira Grande	78.428,29 €	678,18 €	79.106,47 €
Reposición de aceras en Paseo Marítimo	245.702,95 €	5.545,75 €	251.248,70 €



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

Subtotal investimentos préstamo provincial 2018	473.629,18 €	6.223,93 €	479.853,11 €
---	--------------	------------	--------------

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	0,00 €

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans, programas ou convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
Subtotal achega municipal 2018	0,00 €

Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017	Deputación
Denominación	Grupo de programa
Subtotal achega municipal 2017	0,00 €

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0,00 €

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEEDORES	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	485.521,87 €		485.521,87 €
C- INVERSIONES	Achega 2018	48.570,61 €	0,00 €	48.570,61 €
	Achega 2017	524.015,26 €	56.539,71 €	580.554,97 €
	Préstamo 2018	473.629,18 €	6.223,93 €	479.853,11 €



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	0,00 €		0,00 €
TOTAL	Achega 2018	534.092,48 €	0,00 €	534.092,48 €
	Achega 2017	524.015,26 €	56.539,71 €	580.554,97 €
	Préstamo 2018	473.629,18 €	6.223,93 €	479.853,11 €
	TOTAL	1.531.736,92 €	62.763,64 €	1.594.500,56 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Reparación en el depósito de A Corveira (proxecto rectificado)	161	100.257,13 €
Acondicionamiento polideportiva descubierta del Paseo Marítimo do Burgo	933	164.381,44 €
Acondicionamiento polideportiva descubierta de la Plaza Europa	933	99.238,65 €
TOTAIS		363.877,22 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, fai unha presentación da moción presentada.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que só quere facer un comentario pois o Sr. alcalde ven de dicir que isto é o máis normal do mundo e a el non llo parece pois xa cando se tramitou hai pouco tempo o POS houbo que convocar un pleno extraordinario urgente ás nove da mañá porque remataba o prazo ás tres da tarde, botándolle a culpa a un problema informático, atopándose enriba da Mesa con este punto sen tempo suficiente para revisalo e dicindo que como o arquivo municipal non ía ben no 2017 agora vai no 2018, polo que solicita aclaración sobre se se perden os fondos do 2017 previstos para o arquivo municipal, merecéndolle pouca confianza que se chegue a esta situación de urxencia de forma sobrevida.

Intervén o Sr. alcalde dirixíndose á sra. Concelleira delegada de Facenda dicindo que el entende que os fondos se engaden no gasto de 2018.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que hai un cambio na dotación existente para cubrición do parque das Brañas pola dotación do equipamento do arquivo municipal, que o que estaba incluído no 2017 se leva ao 2018 e a diferenza se leva a gasto corrente.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta anterior, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 9 (nove) dos sres/as: Cañas Varela, Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballada Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 2 de abril de 2018 polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps, quen, unha vez concedido di que hai un mes xa fixo esta pregunta e non sabe se se perdeu polo camiño polo que a repite dicindo que hai máis dun ano que se aprobaron os orzamentos do Concello para o ano 2017 grazas a un acordo entre o PSOE e MVC, acordo que incluía a creación dunha comisión de seguemento para tratar de garantir o cumprimento, preguntando cales son as conclusións desa comisión de seguemento.

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que esas conclusións son temas internos que forman parte do acordado entre Marea Veciñal e o grupo socialista.

Intervén novamente a Sra. Rivadulla Deschamps dicindo que ela considera que estaría ben facelo público tal como se fixo o pacto no seu momento, repetindo o Sr. alcalde-presidente que son temas que forman parte do acordo adoptado entre o PSOE e Marea Veciñal, grupo este último do que ela formaba parte.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere recordar que o BNG formou parte do goberno municipal e os pactos de goberno están publicados aínda a día de hoxe na web municipal pois esa foi unha das condicións; que con respecto aos rogos e preguntas que ten que facer, xa no pleno anterior fixo dúas preguntas e un mes despois, no caso da escollera do Río Trabe, unha obra na que non se procedeu a facer a acta de



Código do documento	Código do expediente
USG12I00BE	USG/2018/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
370T 6X6W 000V 6X0L 170I	

recepción, acto obrigatorio pola Lei de contratos unha vez finalizado o prazo que teñen as empresas para realizar a obra pois o contrario vai en contra da concurrencia xa que se o prazo que se dá é indefinido puidera ser que outras empresas fixeran ofertas diferentes, repetindo que é unha esixencia da Lei de contratos que unha vez rematado o prazo se proceda á acta de recepción na que se diga se a obra está disponible para ser recibida ou non e neste último caso que consten na acta os motivos e se se lle deu prazo para subsanalo; que xa hai meses que din que a escollera non se axusta ao proxectado, que se ve a simple vista, invitando a todos os que o escoiten a que fagan esa visita e pedindo que se expoña no perfil de contratante o proxecto para poder comprobar como era o croquis da pendente que tiña que levar esa escollera e a que leva realmente; que polo tanto, un mes despois, un mes máis fora de prazo para facelo, pregunta se se procedeu a facer a acta de recepción da obra da escollera do río Trabe.

Continúa o Sr. Chouciño Garrido a súa intervención e di que a segunda pregunta é a relativa á Garrocha e di que volve preguntar un mes máis tarde se os servizos técnicos conseguiron reunir a documentación sobre a instalación deportiva municipal de Monte Costa, se se sabe canto lle deben ao Concello e cando se deixou de cobrar polo canon anual de 24.000 euros que dita entidade debería aboar ao Concello; que segundo teñen entendido este canon ten natureza tributaria, o que implicaría que as débedas prescribirían aos catro anos, e repite que a xente que paga os seus 300 euros de contribución, os 80 de rodaxe do seu coche, as taxas polas actividades municipais ás que levan os seus fillos ou vai, el mesmo, merece unha resposta preguntando se se sabe canta débeda pode estar prescrita, tentando axudar preguntando se serán 50.000, 100.000, 150.000, 200.000, se para xa ou debe seguir e quen ou quenes serían os responsables e que pensan facer para esixir as responsabilidades.

Responde o sr. alcalde-presidente dicindo que como xa dixo unha vez en canto os servizos técnicos municipais teñan a información lla farán chegar.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén de novo o Sr. Chouciño Garrido e pregunta se teñen prazo os servizos técnicos para elaborar a dita información e se será tan difícil contar polos dedos para dicir cantas anualidades se deben, pedindo formalidade cos cartos públicos pois se un veciño se retrasa un día cun pago xa lle aplican un 20% de recargo; que o Sr. alcalde é o máximo responsable xerárquico do funcionamento dos servizos municipais e se prescriben débedas será a súa responsabilidade.

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que, como xa dixo, a pregunta está en mans dos servizos técnicos municipais, que xa sabe como está o persoal do Concello e que ten un volume de traballo que moitas veces lle impide actuar coa celeridade que quixera pero que está totalmente tranquilo pola labor que desempeñan repetindo unha vez máis que en canto os servizos técnicos dispoñan da información que se solicita se lle comunicará.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e tres horas e trinta e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,

O Alcalde-Presidente

(asinado dixitalmente)

JOSE RAMON
RIOBOO CASTRO
Alcalde-Presidente
20/04/2018 12:52

PILAR MARÍA PASTOR NOVO
Secretaria Xeral
20/04/2018 12:37